A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

A represión fascista nas terras de Viveiro

Carlos Nuevo Cal

Cando a direita comprobou que o povo estaba disposto a exercer os seus direitos, que xa non éramos tan parvos, que mesmo os galegos tamén queríamos e sabíamos gobernarnos, recorreu ao fascismo, á violencia, ao terror; non tivo loito en chamar ás catro bestas do Apocalipse e desatar a barbarie.

Castelao

Introducción

A partir da victoria da Fronte Popular, logo das eleccións do 12 de febreiro de 1936, o gobernador civil da provincia de Lugo procedeu á reorganización da Corporación municipal viveiresa, suspendendo ao anterior alcalde, José Santiago Seijo. Coa constitución do novo concello, de carácter provisorio, mentres non se celebrasen eleccións locais, foi nomeado alcalde o galeguista Balbino Cerdeiras Rey, pasando a presidir a nova corporación formada con representantes de todos os partidos que compuñan o Comité local da Fronte Popular: Socialista (4 concelleiros), Partido Galeguista (2 concelleiros), Izquierda Republicana (2 concelleiros), Unión Republicana (2 concelleiros) e Partido Comunista (2 concelleiros).

En adiante, producirase un cambio radical no goberno municipal e na estratexia dos sindicatos, que esixirán o estricto cumprimento da lexislatura laboral existente. Así, dende os meses de marzo a xuño, os sindicatos UGT e CNT, con forte implantación na bisbarra, apresentaron diversas bases reivindicativas nos diferentes sectores productivos viveireses: minas da Silvarosa, aserradeiros de madeira, colla portuaria, fábrica de automóviles de Chavín e fábricas de salazóns e conservas de Celeiro. A pechazón da patronal, na maioría dos casos, xunto coa combatividade obreira, desembocou en varias convocatorias de folgas parciais, e mesmo nunha folga xeral, en apoio aos traballadores de Barro Chavín, que rematou cunha dura intervención das forzas da orde. Neste clima de enfrontamentos entre patróns e obreiros, produciuse o golpe militar do 18 de xullo de 1936.

As primeiras novas da sublevación das forzas do Tercio e Regulares do Protectorado marroquí chegaron a Viveiro dun xeito confuso, en vísperas da celebración das tradicionais Festas do Carme, patrona dos mariñeiros. Sen embargo, os militantes dos partidos e sindicatos de esquerda, especialmente os pertencentes ao Radio Comunista e á CNT, comezaron xa o día 17 a búsqueda dalgúns destacados falanxistas, que estaban agachados, coa finalidade de desarmalos. Feito que non debe extrañarnos, pois como nos confirma Francisco Leal, os falanxistas levaban tempo agardando para rebelarse:

(...) Entre el barullo de unos y de otros –referíase aos partidos democráticos– quedaba tan solo el silencio de algunos muchachos que afirmaban su esperanza en la pistola montada dentro del secreto del bolsillo[1].

O día 18 de xullo, chegou a Viveiro, dende o Goberno Civil de Lugo, o axente de Investigación e Vixiancia José Román Pérez, que viña á localidade como delegado gubernativo para investigar un intento de atentado contra un concelleiro socialista, por parte dun pistoleiro que fora contratado por un coñecido industrial. A chegada do delegado gubernativo tamén coincidiu coa do alcalde Balbino Cerdeiras Rey que estivera ausente uns días, por mor dun asunto familiar na Coruña.

José Román Pérez, delegado gubernativo, exerceu as súas funcións dende as 8 horas do serán do día 18, até as 18,30 horas do día 20 de xullo, momento no que voltou a Lugo. Aínda que o delegado gubernativo sempre negou a criación dun Comité de Defensa, dirixido por el, ou que dera orde algunha para a requisa de armas, como teñen afirmado diversos sindicalistas e mesmo os alcaldes de Viveiro e Cervo, o certo é que xa o día 19 de xullo procedeuse, por parte dos sindicatos, á convocatoria dunha folga xeral, para dispoñer de tempo e homes dabondo co fin de organizar a defensa da legalidade republicana. Tanto en Viveiro e parroquias como por todo o partido xudicial, intesificouse a requisa de armas.

Na mañanciña do día 20 de xullo, ante a inminencia da saída das tropas rebeldes á rúa, e logo de terse trasladado a Viveiro o secretario do Comité Comarcal da CNT, coruñesa, Emilio Novás, coa finalidade de recabar dinamita dos mineiros, asaltáronse os polvoríns de Escourido e das Minas da Silvarosa. Os explosivos foron trasladados aos baixos do Concello e á Casa do Pobo, onde se elaboraron diversas bombas e materiais incendiarios, partindo con Novás, cara á Coruña, unha primeira expedición de obreiros, en camionetas requisadas. Paralelamente, continuouse coa requisa de armas, incautándose novas camionetas para ir cara á Coruña, nunha nova expedición que sairía pola tarde. Para equipar a expedición de cubertas,

cámaras e aceites, forzáronse as portas do comercio de accesorios propiedade do dereitista Gonzalo Rodríguez Salvador, que estaba fuxido. A mesma operación se repetiría na mañán do día seguinte, 21 de xullo, co obxecto de preparar un novo continxente que sairía para Lugo, máis non chegou a concretarse, pola falla de efectivos obreiros.

A actitude das forzas da orde, que permaneceron acuarteladas, sen intervir inicialmente, , mentres non se decantaba o golpe militar, foi sempre de suposto acatamento ao goberno republicano, até o ponto de permitir a requisa de armas e de non dar leitura pública ao bando de declaración do estado de guerra, séndolle, únicamente notificado ao Alcalde Cerdeiras, o día 20 ás 7,30 horas do serán, por parte do tenente de carabineiros e do alférez da Garda civil. De non ter actuado así, seguramente se tería producido o asalto do cuartel da Garda Civil, ao que se dirixira, en duas ocasións (a última durante a mañán do día 21 de xullo), unha comisión interpartidaria, reclamando fidelidade á República e a entrega de armas dos antigos somaténs.

Finalmente, a toma de Viveiro produciríase na tarde do día 21, por parte de tropas procedentes da capital lucense, mandadas polos tenentes da garda civil e carabineiros, Juan Aranguren Ponte e Manuel Vaamonde López, respectivamente. Ás forzas militares, uniríase un nutrido grupo de falanxistas, moitos deles liberados da cárcere provincial, así como garda civís das cabeceiras de liña de Baamonde, Vilalba, Mondoñedo, Muras e Ourol. Baixo o mando do tenente de carabineiros Florencio Yubero Manzanera, partíu de Foz, simultaneamente, outra columna militarizada, composta por gardas civís e carabineiros, á que tamén se unirían os efectivos de San Cibrao. Logo de realizar as primeiras detencións de obreiros que estaban requisando armas en Burela e Landrove e de deter ao alcalde de Cervo, na estrada de Lago, nun coche con armas requisadas, as tropas entraron en Viveiro, sen resistencia algunha. Concentráronse nos cuarteis da garda civil e de carabineiros, que axiña se sumaron aos sublevados, tomando posicións e despregándose en duas formacións para ocupar despois dun breve tiroteo o Concello e a Casa do Pobo, onde estaban os locais da UGT e CNT. Unha vez reducida a resistencia , que se saldou con varios feridos, produciuse a detención dun numeroso grupo de obreiros que permanecían nos locais dos sindicatos, nos tellados e nas rúas da cidade. Moitos fuxiron cara aos montes colindantes, no que sería, andando o tempo, o agromar do movimento guerrilleiro que duraría até os anos 50.

Os comezos da represión franquista

Unha vez que os militares sublevados e a garda civil reduciron os últimos focos de resistencia, as forzas rebeldes, claramente mino-

ritarias, comezaron a aplicar toda unha serie de medidas represivas, dun xeito totalmente métodico e sistemático. Coa excusa de criar un novo ambente de tranquilidade e seguridade, vaise reprimir brutalmente a todos-as aqueles-as sospeitosos-as de ter ostentado calquer cárrego de tipo político ou sindical ou simplesmente de pertencer ou colaborar dalgún xeito coa Fronte Popular. As detencións de obreiros, de membros dos partidos e funcionarios republicanos comezaron de inmediato. Así o alcalde Balbino Cerdeiras Rey e algúns concelleiros foron detidos o luns, 27 de xullo, permanecendo en situación de arresto domiciliario, por orde gubernativa, durante varios dias, até que, finalmente, ingresaron, a principios de agosto, no cárcere do partido xudicial, sito no convento de San Francisco de Viveiro. O volume de detencións en cadea foi realmente importante, o maior de toda a provincia, incluida a capital, afectando a todos os extractos sociais como podemos comprobar a través da seguinte crónica de El Progreso(7/VIII/36):

Además de los numerosos grupos de obreros que con motivo de los presentes acontecimientos se hallan encarcelados, han sido detenidos en Vivero los señores siguientes:

Señores don: Balbino Cerdeiras, ex-alcalde, Javier Soto, ex concejal; Luis S. Mendezona, administrador de Aduanas; Higinio Cambeses, profesor de música; Gonzalo Pozo, veterinario municipal; Jesús Ramila, oficial de Correos; Emilio López, estudiante; Carlos Domínguez, Jefe de Telegráfos; Hans Walter Lünders, escritor alemán; Jesús Domínguez Bardona, bibliotecario del Palacio Nacional; Jesús Varela maestro de Landrove; Ángel Fraga, maestro de Vieiro(éste fue detenido en Villalba).

De sus domicilios han desaparecido don Carlos Morris, Comandante de Infantería de Marina retirado, don José Seco, don Modesto Cociña, don José López y don José Castro concejales; don Modesto Vilar y don Eugenio del Valle, profesores de la Escuela de Trabajo. Faltan igualmente varios directivos de la U.G.T., C.N.T. y Radio Comunista que al parecer se refugiaron en los montes.

Debido á grande cantidade de ingresos producidos, a partir do dia 21 de xullo, a antiga cárcere do partido xudicial, sita no exconvento de San Francisco, resultou insuficiente para albergar aos presos, pois as celas existentes servían únicamente como depósito ou lugar de tránsito dos detidos. Por iste motivo habilitáronse novas celas, ordenando a nova Comisión Xestora municipal toda unha serie de medidas hixiénico-sanitarias, encamiñadas a garantir a limpeza regular das dependencias, labores que realizarían diariamente os presos alí recluidos.

Aos poucos días de comenzar as detencións formou-se na localidade unha Comisión de Axuda aos Presos, auspiciada, entre outros, polo director da Banda Municipal, Higinio Cambeses Carrera, asi como polo mestre e membro das Mocidades Galeguistas, José Gueimunde López. Sen embargo, a Comisión durou moi pouco tempo ao ser disolta por orden do comandante militar da praza, Manuel Vaamonde, que, ademáis apercibiu aos seus componentes. Días despois sería detido, encausado e suspendido de emprego Hixinio Cambeses.

Da vixiancia da cárcere encarregábanse os falanxistas e os chamados Cabaleiros de Santiago, que actuaban baixo as ordes do comandante militar da praza, o tenente de carabineiros Manuel Baamonde, "O Tabairón". Gracias, precisamente, á firmeza do referido militar non se produciu ninguna "saca ", incontrolada, de detidos por parte dos elementos falanxistas que, iso sí; cometeron multitude de abusos e arbitrariedades, entre outras, as de propinar palizas a determinados presos. A situación de desamparo e inxusticia á que se vían sometidos diariamente os presos-as, podemos comprobala a través da seguinte copla de despedida do cárcere viveirés, da autoría do zapateiro Hermelino Reigosa:

Adiós cárcel de Vivero,
sepultura de hombres vivos,
donde te matan las penas
y te olvidan los amigos.

A capacidade do cárcere do convento de San Francisco aumentou, en 1938, ao ampliarse para albergar a un amplo continxente de presos asturianos que permaneceron en Viveiro, por estar ao límite da súa capacidade outras prisións. Co fin de instalar no cárcere viveirés aos asturianos, o gobernador civil da provincia dictou unha serie de ordes e normas para habilitar un local capaz de:

...instalar por lo menos cien prisioneros de guerra, y para el cuerpo de guardia, a cuyo efecto es necesario poner rejas de hierro a los ventanales del local que ocuparon las Escuelas públicas, colocar cocinas y hacer una casilla a la entrada de los claustros de dicho edificio para el referido cuerpo de guardia.[2]

Posteriormente, realizaríanse novas obras nos locais que ocupaban os Xulgados, trasladados provisoriamente á chamada Casa dos Leóns, onde tamén estaban os locais de Falanxe, coa finalidade de instalar en San Francisco un batallón de Infantería que permaneceu en Viveiro até finais de 1938.

Entre os elementos destacados da represión teríamos que falar fundamentalmente dos diversos grupos de falanxistas, non só viveireses, senón tamén da capital luguesa, que tiveron unha activísima participación nos labores represivos dende os primeiros momentos. Entre a garda civil destacou o garda segundo, o zamorano Francisco Valdés Valdés, experto torturador, do que recollimos a seguinte canción popular, cantada durante o mandato do seu fillo Eusebio Valdés Pastor, alcalde de Viveiro no franquismo:

Vaite Valdés para Zamora
que te van a apedrear,
que aínda me doen as costas
dos paus que me deu teu pai.

Traslados ao cárcere de Lugo

Estadía nun sótano da Casa Radio

Axiña comezaron os traslados de moitos dos detidos dende Viveiro a Lugo, realizados inicialmente en camionetas ou en autobuses. Debido á grande cantidade de presos políticos de toda a provincia, o cárcere de Lugo resultaba totalmente insuficente para acollelos, a pesares do excesivo amoreamento ao que se viron sometidos os detidos. Por ese motivo, as autoridades militares tiveron que habilitar como cárcere provisional un sótano da chamada Casa da Radio, edificio recén construido que estaba detrais do Concello, na actual praza Anxo Fernández Gómez. Mais vexamos, polo seu interese, a descripción que fixo do sótano o tamén detido e mestre ribadense Gregorio Sanz, compañeiro de cautiverio de moitos viveireses, primeiro nos referidos baixos e logo no cárcere provincial:

(...) paró nuestro coche detrás del ayuntamiento, casi a la entrada de la calle de S. Pedro. Mandaron apearnos y pudimos ver que la plaza estaba rodeada de soldados, rodilla en tierra, con los fusiles en posición de carguen. En el portal de una casa nueva soltaron la cuerda que me unía al compañero y después de subir cuatro o cinco escalones fuimos penetrando por una puerta estrecha, muy estrecha, que había junto a la caja del ascensor. Aquello estaba muy oscuro. Un fuerte y frío olor a humedad, a alcantarilla, nos dio en el rostro y sentí un ligero desvanecimiento. Fuera porque llevaba más de 40 horas sin comer y sin dormir, fuera porque las intensas emociones sufridas hubieran agotado mi resistencia, lo cierto es que al descender los primeros peldaños interiores de aquel lugar creí firmemente que había llegado el fin de mi existencia, que por allí nos conducían a las cloacas que habían de llevar nuestros cadáveres a las aguas del Miño.

Mecánicamente, como un autómota, bajé ocho o diez escalones más y vi a quince o veinte metros una vela encendida, a cuyos reflejos conocí que aquello era una habitación en la que se movían algunas sombras, que supuse serían las de quienes habían descendido antes que yo.

( ) Y empezamos a pensar seriamente en nuestro estado. Eramos cuarenta o cincuenta personas, de Ribadeo y Puentenuevo, de distintas edades y condiciones, desconocidos, en general, unos de otros, que rápidamente nos vimos unidos y acordes en la necesidad de organizar nuestra situación, buscando la manera de adaptarnos, a ser posible con alguna ventaja, a las condiciones del local.

Era este el sótano de una casa recién construida, de forma rectangular, sin más comunicación con la planta superior que la estrecha escalera por donde habíamos bajado, situada en un extremo, y el hueco para en su día poner un montacargas, que estaba cerca de la pared opuesta. La luz nos llegaba oblicuamente por cuatro huecos abiertos en uno de los muros, cerrados con fuertes baldosas semilúcidas, situadas en la acera, según podíamos observar por el ruido de las pisadas y por las sombras movibles correspondientes a quienes pasaban por la calle.

La llegada de otros detenidos procedentes de Vivero y Paradela nos puso en contacto con el músico de 1ª que actuaba como jefe de la guardia militar que nos tenía bajo su custodia. Le expusimos la imperiosa y urgente necesidad de un W.C., ya que el eventual que nosotros habíamos habilitado empezaba a dar señales de saturación, y nos autorizó para que, uno a uno, pudiéramos utilizar el ubicado en la planta, al lado de la escalera, con una sola taza, pero con agua corriente. Allí había también un grifo y un pequeño lavabo, que inmediatamente empezamos a utilizar, pues nos hacía buena falta.[3]

A dura situación vivida no referido sótano por parte dos detidos, resultaba ademáis do máis desagradable, pois como relata Gregorio Sanz:

...Como la planta del edificio era destinada al establecimiento de tiendas y comercios, todos los huecos de la misma estaban cerrados únicamente con rejas de hierro, sin puertas de madera, por lo cual subíamos del sótano veíamos todo lo que pasaba por la calle. Pero, como es natural, también a nosotros nos veían, llegando a constituir –como había sucedido en Mondoñedo– un espectáculo gratuito. Varias veces llegaron hasta las rejas grupos de pequeños, alumnos de los Maristas, curiosos por conocer como eran los "hombres malos", de los que en clase les habían hablado.

Para evitar esto, previo el permiso correspondiene, gustosamente concedido por el Jefe de la guardia, colocamos por dentro trozos de arpillera, sacos vacíos, cartones, tablas y cuantos materiales nos fue dable alcanzar, para que, actuando a manera de cortinas, y aunque diera la

sensación de un aduar marroquí o un campamento gitano, pudiéramos permanecer en la planta sin dar facilidades para que la curiosidad de los transeúntes se viera satisfecha.[4]

Aos sótanos da Casa da Radio aínda chegarían novos detidos procedentes de Becerreá, Chantada e outros pobos da provincia., acadando, segundo Sanz, o número de noventa e seis homes alí pechados. A situación fíxose case insostenible, debido ás altas temperaturas do extremado estío lucense, pero sobre todo pola aparición dun "Capitán inhumano" que lles impuxo toda unha serie de severas medidas disciplinarias, orixinando un cadro certamente dantesco:

El fuerte sol que se filtraba a través de las rejas y las claraboyas, la transpiración de nuestros sucios cuerpos, el humo del tabaco de quienes necesitaban fumar para calmar sus nervios, la respiración de casi un centenar de personas, viciaban el aire de tal manera que, sobre todo por la tarde, nos producía una fuerte angustia, una opresión del pecho que parecía asfixiarnos. La atmósfera se enrarecía de tal forma que el aire se volvía espeso, nos daba la sensación de que se podía cortar. Nos poníamos debajo del hueco del montacargas para aliviar en parte la pesadez que nos oprimía, y como esto no era bastante, tuvimos que quitar de arriba una de las planchas de tablex que hacían de cortinas, y con ella manejada por dos de nosotros, relevándonos con frecuencia, accionarla a manera de abanico durante varias horas. Afortunadamente, aquel martirio duró solamente tres días. Trasladado el Capitán que había dado la orden, se impuso nuevamente el humanitarismo de nuestros guardias y pudimos pasear de nuevo por la planta durante varias horas diarias.[5]

A situación do cárcere provincial

Se ben o sótano da Casa Radio foi un lugar de detención provisional, os presos, en xeral, remataron ingresando na prisión provincial. Unha prisión que fora construida con planos do arquitecto provincial Nemesio Cobreros y Cuevillas entre os anos 1882 e 1887, data da súa inauguración, e que, a pesares do seu carácter modélico no momento da súa construcción, agora resultaba totalmente insuficiente para acoller tantos reclusos, pois, chegou a albergar perto dun millar de recluidos. Ese feito incidía moi negativamente nas infrahumanas condicións de vida interna, orixinando múltiples problemas, non só a nivel de espacio, senón tamén no relativo ao réxime de comidas ou as deficientísimas condicións hixiénico-sanitarias. A falla de espacio obligou a habilitar seis novas dependen-

cias dentro do cárcere, as chamadas celas de aglomeración, capaces de acoller entre 40 e 50 reclusos cada unha. Gracias, outra volta, ás testemuñas de Gregorio Sanz coñecemos o estado de sobresaturación das celas individuais:

Eramos doce hombres y la celda estaba construida para uno. Su forma, casi de sector circular, con la puerta en la parte más estrecha que daba a la galería interior, y una ventana alta y enrejada en la parte opuesta. En uno de los ángulos había un agujero, utilizado como W.C., al que los "inquilinos" habían semiocultado colocando una manta a manera de cortina. En las paredes, con cuerdas y tablillas habían armado algo parecido a estantes donde podían colocarse pequeños paquetes, y en el suelo, junto a las paredes, se recogían las mantas y alguna pequeña colchoneta, que durante el día nos servían de asiento, dejando en el centro minúsculo espacio libre para poder dar algunos paseos.[6]

As condicións hixiénico-sanitarias eran realmente malas, pois o amoreamento dos detidos e a falla de limpeza orixinaba a aparición de todo tipo de parásitos, como conta o mestre ribadense:

A la primera luz de la mañana vi al compañero más próximo como, sentado, examinaba la camisa y se dedicaba a los que llamó "la descubierta". Me quité yo la mía y aunque la había puesto limpia el día anterior, después de darme un baño, con gran asombro por mi parte, comprobé que no estaba solo. ¡¡¡ Treinta y siete víctimas inocentes perdieron su vida aquella mañana entre las uñas de mis dedos pulgares!!!.

(...) Pero no resultaba fácil mantener nuestros cuerpos y nuestras ropas libres de parásitos. Teníamos que seguir haciendo "descubiertas" todos los días, bien por la mañana, bien por la tarde; al acostarnos o levantarnos, porque al menor descuido aparecían aislados ejemplares que se multiplicaban extraordinariamente.[7]

Combatir ós "pollos" naquelas condicións non resultaba nada doado, a pesares das precaucións que tomaban moitos presos para evitar os contaxios, como por exemplo o mestre de Vieiro e tenente de alcalde viveirés Ángel Fraga Orosa, o cal deixou anotado no seu diario, escrito durante os seus últimos días de vida, os seguintes productos para combatir aos parásitos, a falla de vitaminas, erupcións de pel e outras calamidades carcelarias:

Jabón de azufre desinfectante. "Vigantol" rico en vitaminas, mejor que el aceite de bacalao.

Granos, erupciones de piel. Con tintura de yodo a gotas.- Se empieza con 4 gotas a cada comida y se va aumentando 1 hasta 25.

Mitigal, bueno para la sarna.- 5 pts. Y jabón "afridol" 6 pts.
Sulfureto Caballero para la sarna.

A miserenta situación que se daba diariamente no cárcere axudaba á rápida propagación de todo tipo de enfermidades infecto-contaxiosas, como lle aconteceu ao viveirés José Rodríguez Camba, "Sarxento", quen ingresou no hospital o día 9 de xaneiro de 1937, por padecer unha piodermites, segundo manifestaba o médico da prisión:

Enfermedad que por su contagiosidad, aconsejo la hospitalización, por carecerse de medios y local aislado para su curación.[8]

Realmente, era certamente difícil para os reclusos manter as mínimas condicións hixiénicas dentro do cárcere, debido á carencia absoluta do máis elemental para o aseo persoal, como reflicte unha vez máis o tan repetido Gregorio Sanz:

Por otra parte, era poco menos que imposible realizar nuestro aseo corporal. Por las mañanas nos dejaban a la puerta de la celda un caldero lleno de agua para todo el día. ¿Qué limpieza podíamos hacer con esa cantidad de agua los doce hombres encerrados en la celda? Ni siquiera nos tocaba a medio litro cada uno.

Un bote vacío de conservas nos servía de medida para hacer el reparto, y con él nos arreglábamos para lavarnos la cara, haciéndolo por parejas. Uno de nosotros, con sumo cuidado, con parsimonia, dejaba caer, casi gota a gota, sobre las manos del otro, colocado encima del agujero, enjabonando y aclarando con las dificultades fáciles de imaginar. Algunas veces lográbamos llenar una botella en el grifo que había en el patio, aguantando una o dos horas en la cola que allí se formaba, tiempo que dábamos por bien empleado porque nos permitía disponer de la pequeña reserva necesaria para apagar la sed, o para algún lavado "extra". Y cuando queríamos darnos un "fregado" general, teníamos que sobornar a los ordenanzas para que nos llevaran algún caldero, casi a escondidas, mediante la propina correspondiente.[9]

As penosísimas condicións nas que permaneceron os/as detidos/as, orixinaron frecuentes mortes e continuos ingresos nos hospitais. Dada a imposibilidade de realizar relacións pormenorizadas dos-as viveireses-as hospitalizados, tan só imos destacar algúns casos que nos amosan claramente as moitas penalidades ás que se viron sometidos os/as presos-as, o que, xunto co amoreallamento, as humidades e os fríos do inverno lugués, orixinaban todo tipo de enfermidades, destacando a tuberculose e as neumonías.

Entre os falecementos acontecidos en Lugo, destaca o de José López Martínez, significado socialista local, fundador do partido en 1922 e do sindicato Ramo de Construcción, en 1918. "O Rabadelo", como se coñecía popularmente en Viveiro, era á altura de 1936 un velliño bastante enfermo que gozaba dun recoñecido prestixio pola súa bonhomía e fidelidade á ideoloxía marxista. Logo de permanecer agachado durante unha tempada na casa dun irmán en Vicedo, detivéronno os falanxistas viveireses, sendo trasladado a Lugo o día 22 de agosto. Unha vez na capital lucense, estivo retido no cuartel da falanxe, quedando en libertade até que foi novamente detido pola garda civil de Viveiro, ingresando no Depósito Municipal, e, de aí, ao Hospital da localidade, por motivos de saúde. Finalmente, foi trasladado á prisión provincial de Lugo, até que, debido ao padecimento dunha bronquitis crónica moi avanzada (segundo manifestaba o médico forense que prestaba os seus servicios no cárcere), solicitouse a súa urxente hospitalización. Non se produciu até o día 8 de novembro, ingresando no Hospital de Santa María, onde faleceu ás 21 horas do día 3 de decembro de 1936, segundo certificou o médico de garda, Luis Vázquez-Fernández Pimentel.

Ademáis da morte de José López Martínez, tamén sabemos dos falecementos dos obreiros presos Carlos Pérez Fachal (A Escollera-Ferrol, 19-8-1936), José Hermida Rubal (Penal de Pamplona, 3-3-1937), Alberto Lamelas Fernández (27-7-1938), Jesús Carrodeguas Franco (14-6-1939), Ignacio Rivera Quintana e o galeguista Ángel Castro Rábade, falecido o 23 de outubro de 1941, no Hospital provincial de San Martín da Coruña, a onde fora trasladado dende a prisión das Palmas de Gran Canaria, onde estivera cumplindo unha pena de 30 anos.Outros falecidos por tuberculose foron o mestre de Cervo José Costa Pardo, Manuel Pérez Bermúdez, Francisco García Canoura "da Santiña" e Eugenio del Llano García, falecido no cárcere de "El Coto", en Asturias. Coñecemos, igualmente, a morte doutros viveireses como Vicente Serra, falecido no campo de traballo de Peñaranda de Bracamonte e Manuel Lamelas, falecido o 5 de maio de1945, no campo de Mauthausen.

Vivindo unha situación de reclusión tan deprimente como incerta, onde existían todo tipo de restriccións, ademáis das propriamente remarcadas polo regulamento carcelario, non nos pode extrañar, en absoluto, que moitos dos detidos, como o alcalde de Viveiro Balbino Cerdeiras Rey, chegasen ao borde da loucura, debido ao cúmulo das vicisitudes sofridas. Vexamos a desgarradora e mesmo irónica visión que do cárcere lugués "Hotel Canalejas" lle daba o secretario da UGT e secretario político do

Radio Comunista viveirés, Emilio Timiraos, á súa compañeira, María Gómez Rodríguez, a través dunha carta datada o 25 de febreiro de 1937:

(...) yo me voy arreglando regularmente, no me falta nada, comida paso, sellos también, mudar me mudo cuando me mandas la ropa, dormir duermo con un amigo de Monforte, y fumar no fumo porque no tengo, ni tengo con que comprarlo, pero es igual, de esto no se muere, beber no se bebe porque no hay donde, así que estoy la mar de bien. No pienso en nada más que en salir pronto y no volver más a esta casa que no me gusta nada, aunque trabajar no se trabaja nada, pero, sin embargo, no la quiero ni me gusta, y eso que vivo en el 2º piso del Hotel Canalejas nº 26 en compañía de 44 huéspedes más (estaba nunha cela das chamadas "de concentración") y tenemos 2 horas por la mañana y 2 horas por la tarde de recreo por los jardines del Hotel, paseamos, hablamos, nos divertimos, etc. etc. y además veo a todas las de Vivero.

Emilio Timiraos Cervo non conqueriría a ansiada libertade, pois foi condenado a morte e fusilado en Lugo, o día 24 de marzo de 1937.

Curiosamente, a situación interna no cárcere lugués non melloraría co paso do tempo, senón que aínda se recrudecerían aínda máis as condicións de confinamento, como podemos comprobar a través do seguinte comunicado, enviado pola Dirección da Prisión Provincial á Alcaldía de Viveiro, o día 3 de xuño de 1938:

Quedan suspendidas las comunicaciones de los reclusos con el exterior, intervención con mucho cuidado de la correspondencia y censura rígida y se prohibe comunicación telegráfica.[10]

Clausura e incautacións

Inmediatamente despois da toma de Viveiro, os militares sublevados e a forza pública, auxiliados, dende un primeiro momento, polos falanxistas, principiaron a clausura e incautación dos sindicatos de clase da localidade, Casa del Pueblo (UGT) e Confederación Nacional del Trabajo (CNT), situadas, ambas as duas, na casa número 2 da rúa de Fernández Victorio, así como o local do Sindicato Único de la Industria Pesquera y sus Derivados (CNT) de Celeiro. Outro tanto aconteceu coa sede que o Comité local do Frente Popular, tiña na Avenida da Marina, ao igual que os demáis locais dos diferentes partidos e agrupacións de esquerdas e de centro esquerda.

Aínda que as novas autoridades do bando nacional promulgaron relativamente pronto, o día 13 de setembro de 1936, o Decreto nº 108, que ilegalizaba aos partidos políticos e as agrupacións frentepopulistas e ordeaba a incautación dos seus bens mobles, inmobles, efectos e documentación, en realidade os falanxistas e direitistas locais actuaron con suma premura, adiantándose ao devandito decreto. Así, o día 17 de agosto procederon, nos xardíns da travesía, á queima de libros, propaganda, carteis, símbolos masónicos e demáis materiais que sacaran dos locais sociais dos partidos republicanos. A queima pública trataron de convertila nun acto inquisitorial de plena afirmación fascista, ao tempo que bailaban e parodiaban, berrando, os versos do himno galego: "Os tempos son chegados".

Debido á necesidade que o novo réxime tivo de diñeiro para facer fronte á guerra, logo do "fallido" golpe militar nas zonas máis poboadas e industrializadas do Estado, os militares axiña puxeron en práctica toda unha serie de medidas coercitivas de carácter económico, a base de multas e incautacións de bens e propiedades, co fin de gravar económicamente aos familiares dos represaliados e depurados. Deste xeito, as familias dos denominados "desafectos" ao novo réxime non só tiveron que soportar a dor polo encarcelamento, fusilamento ou "paseo" dalgún dos seus, senón que se viron tamén na obriga de facer fronte á responsabilidade civil pola sua "insurrección revolucionaria", segundo a calificación que lle daban as novas autoridades. Así, cando calquer encausado era declarado culpable, ademáis da pena física á que fora condenado, impoñíaselle, igualmente, unha determinada sanción económica, en virtude da responsabilidades que lle otorgasen os tribunais militares.

A aplicación estricta das sancións económicas chegou a ser tan inhumana, que incluso ás familias dos viveireses fusilados en Lugo, por mor de Consello de Guerra, se lles obrigou a pagar por responsabilidade civil, pagos que se realizaban directamente en metálico ou, senón, mediante o embargo e subasta pública das súas propiedades, mobles ou, incluso, alimentos, como lle aconteceu ao comerciante Modesto Cociña González, a quen lle embargaron múltiples productos alimentarios e bebidas da súa tenda. (Heraldo de Vivero, 29-V-37 e 19-VI-37). Ademáis das multas e incautacións con que foron castigados os procesados condenados, tamén se realizaron diversos embargos, que afectaron a outras persoas que estaban fuxidas nos montes próximos ou no extranxeiro. Así o semanario *Heraldo de Vivero*, correspondente ao 14 de novembro de 1936, anunciaba unha subasta pública, de orde de Julio Murias Travieso, xuíz instructor militar da Praza de Viveiro e o seu Partido,

que afectaba aos comerciantes da localidade Eugenio del Valle Fernández, incurso na peza de responsabilidade civil da Causa nº 813 de Auditoría, sobre roubo de accesorios de automóvil no establecemento do direitista Gonzalo Rodríguez Salvador e ao tamén comerciante viveirés José Seco Catá, ausente, en virtude de apremio de multa de 2.000 pesetas, imposta polo gobernador civil. Os bens embargados a Eugenio del Valle Fernández eran materiais de saneamento do seu comercio, cemento, tubería, ladrillos, tabla, etc. tasados en 6.060 pesetas. En canto ao comerciante e concelleiro socialista José Seco Catá, que lograra fuxir a Portugal, embarcando a continuación para Arxentina, fóranlle, igualmente, embargados diversos materiais do seu comercio (valvulina, aceite para motores, grasa, máquinas de coser, etc.), por valor de 2.000 pesetas para facer fronte á unha multa gubernativa. Realmente tiña unha grande fortuna ao poder fuxir de Viveiro, pois a xulgar polo seguinte "entrefilet", inserto no "Heraldo" do día 23 de xaneiro de 1937, non sabemos que sorte podería ter corrido, no caso de ser detido:

José Seco, que al parecer se sentía explotado, (¿por quién?) ha llegado sin novedad al Uruguay. Esto prueba que entre nosotros aún quedan traidores que facilitan la huída de los que empujaban a los obreros al crimen.

As clausuras e incautacións dos locais sindicais e partidarios non supuxeron grandes beneficios económicos, pois estaban na maior parte dos casos, alugados, con excepción dos locais sociais da Sociedad de Obreros de Vivero, fundada en 1888, e o Sindicato Agrícola Liga Agraria del Landro, fundado en 1913, que dispuñan de locais propios. A Sociedad de Obreros de Vivero tiña o seu local social na rúa de Melitón Cortiñas, con oficinas, salón de actos e unha importante biblioteca, que foi totalmente expoliada. A pesares do carácter apolítico e mutualista da sociedade, esta rematou disolvéndose, pasando os seus bens á nacente Confederación Obrera Nacional Sindicalista (CONS), logo dun acordo realizado o día 30 de setembro de 1941. Con respecto á Liga Agraria del Landro, importante sindicato que comercializaba directamente as vendas do gando en Madrid e Barcelona, dispoñendo ademáis dun importante economato e almacén de productos agrícolas, foi clausurado inicialmente, por orde gubernativa (28-8-1936), aproveitando o marcado caracter socialista da súa directiva. Posteriormente, en aplicación do expedente nº 58 de 1938, foron incautados o seu local social, propiedades, productos agrícolas, aperos de labranza, contas bancarias, libros de actas e demáis bens, pasando finalmente ao patrimonio sindical-agrario franquista.

Vexamos a relación de sindicatos, partidos e sociedades que foron clausuradas ou incautadas en todo o Partido Xudicial de Viveiro:

- Ilma. Sociedad de Obreros de Vivero, de carácter mutualista e apolítica.
- Sociedad del Ramo de Construcción y Oficios Varios (UGT), Viveiro.
- Sociedad del Ramo de Construcción y Oficios Varios (UGT), San Cibrao.
- Sindicato Único de Oficios Varios (CNT), Viveiro
- Sindicato Único de la Industria Pesquera y sus Derivados (CNT), Celeiro.
- Agrupación de Campesinos de Miñotos (UGT), Ourol.
- Sindicato Liga Agraria del Landro, de Magazos (Fondón).
- Sociedad Unión de Labradores de Galdo-Viveiro.
- Sociedad de Socorros Mutuos de Ganado Liga de Labradores deValle, O Vicedo.
- Sindicato Unión de Labradores do Viveiró-Muras.
- Agrupación Socialista de Viveiro.
- Agrupación Socialista de Muras.
- Agrupación Socialista de Merille,Ourol.
- Centro Obrero de Merille, Ourol.
- Agrupación Socialista, Obrero-Campesina de Xove.
- Agrupación Socialista de San Cibrao-Cervo.
- Agrupación Socialista de Riobarba-Vicedo.
- Radio Comunista de Viveiro.
- Radio Comunista de San Cibrao-Cervo, en formación.
- Unión de Hermanas Proletarias Socialistas Femeninas (UHP).
- Juventud Socialista Unificada (JSU), Viveiro.
- Socorro Rojo Internacional.
- Izquierda Republicana, Viveiro.
- Unión Republicana, Viveiro.
- Partido Republicano Independiente, Viveiro.
- Partido Galeguista,Viveiro.
- Núcleo da Federación Anarquista Ibérica (FAI), Viveiro.
- Grupo Esperantista de Viveiro.
- Loxia Masónica Fraternidad Humana, nº 75, Viveiro.
- Loxia Masónica Hijos de Hiram, Vicedo.
- Unión Republicana de San Cibrao-Cervo.
- Biblioteca Popular-Circular Ambulante de Viveiro.
- Sociedad Recreativo Cultural de Covas.

No caso da Sociedad Recreativo-Cultural de Covas, non foi clausurada como tal, senón que rematou por autodisolverse logo dun sanguento acontecimento, ocasionado polo garda civil Francisco Valdés e un grupo de falanxistas. Outras sociedades como a Asociación de Comerciantes e Industriales, a Unión de Fabricantes de Consevas y Salazones del Norte de Galicia ou a Asociación de Marineros Pescadores de Viveiro, non foron clausuradas por non consideralas desafectas ao novo réxime, mais remataron esmorecendo ou integrándose na nova organización sindical franquista. Ademáis, clausuráronse todos os órganos partidarios ou publicacións locais, coa excepción de "El Landro", Segunda Época, que pasou á propiedade do falanxista A. Santiago e o"Heraldo de Vivero" que estaba dirixido polos falanxistas da localidade, o Heraldo, deixouse de publicar o día 4 de setembro de 1937, sucedendoo "La Voz de Vivero" de curta duración. Compre resaltar, igualmente, a intensa campaña de incautacións de aparatos radiofónicos, efectuada polos falanxistas, debido ao seu grande valor informativo-propagandístico. As novas autoridades regulamentaron todo o relativo á radiodifusión, de tal xeito, que para dispor do uso dun aparato de radio sería necesario, en adiante, posuir unha licencia específica para poder captar exclusivamente a radiodifusión franquista. En canto a cuantía económica das licencias de radio, fixouse en 10 pesetas para as licencias particulares e 75 pesetas por cada receptor e altavoz suplementario instalado nos casinos, centros de recreo, hoteis, pensións, establecementos e lugares públicos. Rexeron normas semellantes para os lugares de venta de material de radio e os axentes ou vendedores en comisión, tanto de aparatos, como de calquer tipo de material radiofónico. As persoas que desobedecesen istas ordes expoñíanse a fortes multas económicas, que iban dende 100 a 500 pesetas, que poderían incluso incrementarse até 1.000 pesetas, sen perxuicio das responsabilidades civís ou penais, nas que incurrirían, en caso de divulgar ou facilitar novas captadas na radio republicana.

Ceses e depuración

O interese de controlar calquer resto de heterodoxia relacionada coa etapa republicana, levou ás novas autoridades á promulgación dunha serie de leis que estipulaban diversas sancións económicas e administrativas para todos aqueles opositores ao "Glorioso Movimiento". Este labor represivo comenzou co referido Decreto nº 108, de 13 de setembro de 1936, o cal daba cobertura legal á iniciación de expedentes de depuración de todos aqueles funcionarios públicos que, en virtude de actuacións consideradas antipatrióticas ou contra-

rias ao Alzamento, podían ser suspendidos, correxidos ou destituidos dos seus cárregos ou empregos, sen posibilidade algunha de que as resolucións poideran ser impugnadas ante a xurisdicción contenciosa (Decreto lei do 5 de decembro de 1936, artigo 3º). Ista lexislación foi extremadamente dura nuns primeiros momentos, evoluindo progresivamente até facerse algo menos severa.

A nova Xestora Municipal de Viveiro seguindo instruccións dos militares e do Gobernador Civil de Lugo, comezou as actividades depurativas do funcionariado a principios do mes de agosto, é dicer, con anterioridade ao decreto nº 108. Así, na sesión municipal do día 5 de Agosto, a Xestora decidiu por unanimidade *dejar definitivamente cesante en su empleo de Aparejador interino a Jesús Reboredo Tola*, por estar detido nises momentos, segundo comunicación da garda civil da localidade. Por ese motivo consideraban ao devandito aparellador como incurso dentro das normas que respecto á destitución de funcionarios lles foran comunicadas pola autoridade militar. Na sesión seguinte, é dicer, a correspondente ao 12 de agosto, a Xestora deuse por enterada da apertura dun expedente contra o cabo dos gardas municipais Jesús Seoane Montenegro, detido e denunciado polos falanxistas, co fin de averiguar a súa actuación durante os días previos ao golpe militar. Logo da instrucción de dilixencias, das que deu traslado á alcaldía o tenente Vaamonde, como Comandante Militar da Praza, a Xestora decidiu suspender ao cabo Seoane de emprego e soldo por providencia do 7 de agosto, mentres non se resolvía definitivamente o expedente. A resolución do expedente tería lugar o 27 de agosto de 1936, rematando co cese de J. Seoane por orde gubernativa ao consideralo desafecto ao novo réxime. Durante a sesión antedita, do 12 de agosto, a Xestora tamén acordou abrir un expedente ao profesor da Escola de Música municipal Higinio Cambeses Carrera, ao que acusaban de ter "por completo abandonado dicho cargo, y que a causa de los sucesos ocurridos con motivo del movimiento nacional, ha sido detenido y se halla a disposición de la autoridad militar". A detención obedecía principalmente a represalias polo intento que fixera Cambeses, durante os primeiros días do movimento, de criar na localidade unha Comisión de Axuda aos presos.

Durante a sesión do 4 de setembro tratouse, igualmente, a destitución do garda de vixiancia fiscal Marcelino Albo Meitín, segundo providencia da Alcaldía do 19 de agosto. Albo Meitín foi detido e destituido das súas funcións ao ser acusado de *estar complicado en el movimiento revolucionario y ser desafecto al Régimen actual* e, finalmente, despois duns procesos totalmente escuros e sen posibilidade de defensa, foi condeado a morte e fusilado en Lugo. Na

sesión seguinte (9/IX/36) a comisión xestora municipal daba, unha vez máis, mostras do seu celo e autoridade ao sancionar coa perda de dez días de soldo ao municipal José Antonio López López, porque estando de servicio no depósito municipal de San Francisco, ás once horas do día 7 de setembro, no momento no que o comandante militar da praza xiraba visita, *se hallaba sin guerrera vestida la que había entregado a la detenida Carmen López Parapar para que le cosiera la insignia de la Bandera de España, estando en la celda de dicha detenida y teniendo por consiguiente abandonado su puesto*. O municipal Antonio López foi ademáis severamente advertido de que, de incurrir en nova falta, sería cesado de inmediato.

A xestora municipal decidiu, en sesión celebrada o 16 de setembro, propoñer ao gobernador civil de Lugo a destitución do Inspector municipal veterinario Gonzalo Pozo Pozo, por consideralo *desafecto al movimiento nacional salvador de España, y que, como presunto complicado en el movimiento revolucionario del Frente popular, se halla detenido*, decidindo nomear provisoriamente para atender os servicios do matadeiro municipal a José Antonio Cerdeiras Seara, veterinario xubilado. O mesmo día, tamén por unanimidade, acordaron elevar a definitiva a suspensión de emprego e soldo de Higinio Cambeses Carrera, notificándolle o acordo por medio do Boletín Oficial da Provincia, propoñendo, a súa vez, para desempeñar o cárrego de profesor da Escola de Músic, ao tamén músico e viciño da localidade Jesús Pérez Rivas.

No mes de outubro, en sesión do dia 2, a xestora acordou por unanimidade destituir da praza en propiedade de cabo inspector de arbitrios a Benito Sánchez López. Os motivos para apartar do seu cárrego a iste histórico do socialismo viveirés, estaban, segundo os rexidores municipais, máis que claros. Aínda que Benito Sánchez deixara a militancia socialista con anterioridade ao alzamento e ostentara a alcaldia provisoriamente durante a República, seguía sendo sospeitoso para as novas autoridades, que non perdoaban que Sánchez López fose *de filiación política marxista, desde hace muchos años, habiéndose distinguido desde muy jóven como propagandista de dicho ideal, expendiendo al público el periódico "El Socialista" con anterioridad a su empleo en el Ayuntamiento, sosteniendo siempre íntimas relaciones con el marxista Agapito García Atadell y considerándolo, por consiguiente, desafecto al movimiento Salvador de España*[11]. O proceso de destitución de Benito Sánchez, a quen se lle concedeu un plazo de oito días para poder alegar o que considerase oportuno, resolveu-se na sesión municipal do 14 de outubro, xuntamente co de outros empregados, en virtude dun oficio remitido polo gobernador civil da provincia que decía:

En uso de las facultades que me han sido conferidas y teniendo en cuenta las instancias personales que concurren en Benito Sánchez López, Cabo Inspector de arbitrios de ese Ayuntamiento; Antonio Rivera Núñez, Oficial 3º del mismo; Gervasio García Oroza, sepulturero municipal y José Pérez Cao, Agente de Vigilancia Fiscal he decidido por mi providencia de hoy, queden destituidos de los cargos que desempeñan y con esta fecha– A la vez hago presente a V. que puede ese Ayuntamiento, si lo estima conveniente, instruir a dichos funcionarios el expediente de destitución que crea oportuno el cual debe ser aprobado por mi autoridad, caso de ser instruido y significándole también que según indicaba a v. en mi escrito de 10 de Septiembre próximo pasado, no deben cubrirse interinamente más vacantes que aquellas que sean de imprescindible necesidad en evitación de lesiones innecesarias para los intereses municipales.

A devandita resolución foi cumplida o día 5 de outubro de 1936, cesando nos seus empregos respectivos Antonio Rivera Núñez, Gervasio García e José Pérez Cao, pois Benito Sánchez López xa fora cesado o día 3 de outubro, por resolución da comisión xestora. Na mesma sesión aprobouse a destitución definitiva, insertada no Boletín Oficial da Provincia (8/X/36), do inspector veterinario Gonzalo Pozo Pozo, ingresando como sepultureiro municipal interino Ricardo Insua Illade, en sustitución do propietario da praza, o destituido Gervasio García Oroza.

En 1937, unha vez renovada a xestora municipal (5/I/37), o proceso de depuracións internas no Concello continuou, producíndose só dun xeito excepcional a confirmación no seu emprego dalgúns dos funcionarios expedientados anteriormente, logo de recibir os informes favorabeis do clero, patróns, garda civil ou de calquer outra persoa influinte e de "orde". Así, reintegráronse ao traballo o axente de vixiancia fiscal José Pérez Cao e Antonio Rivera Núñez. Sen embargo, o feito de que istes recuperasen novamente ao seu emprego non significou, en absoluto, cambio algún de orientación na política depuradora, pois, na mesma sesión do 5 de xaneiro, a presidencia deu conta dunha nova denuncia formulada polos falanxistas Jesús García Paz e José Otero contra os gardas municipais Leonardo Pelaez Casal, José María Lago Formoso e José Nogales Fernández, denunciando tamén, aos gardas de vixiancia fiscal Francisco Guerreiro Fanego, Vicente Castro Trasancos e Jesús Hermida Alonso. Aducíuse que "estos empleados pertenecían al Partido Frente Popular y son personas desafectas al Glorioso Movimiento Nacional, no debiendo por tanto, continuar en sus empleos". Ante a denuncia dos falanxistas, os membros da xestora decidiron continuar coa instrucción do expediente.

A xestora municipal aprobou, igualmente, en sesión do 17 de xuño de 1937, unha providencia dictada polo Alcalde (31-V-37), dando conta das dilixencias e requerimento realizado o 26 de decembro de 1936 a Manuel Fernández García, como encarregado de representar nestas actuacións ao ex-xestor municipal Jesús Dopico. Por iste motivo compareceron na alcaldía, a principios de xaneiro, o ex-xestor e o seu representante, co fin de enterarse da liquidación presentada polo xestor, solicitando M. Dopico Fernández un prazo de un mes para conquerir achegar os recursos necesarios co fin de ingresar o saldo das 1.322,34 pesetas que aparecían como en efectivo na devandita liquidación. A xestora, considerando transcurrido con exceso o prazo concedido para solventar o descuberto, decidíu requerir novamente a ambos os dous:

Resultando que con fecha treinta y uno de diciembre se ha formalizado la cantidad de seiscientas cincuenta pesetas de los resguardos que justifican los pagos hechos por el ex Gestor, quedando, por tanto, reducida la diferencia a ingresar en total, por todos conceptos, conforme a la liquidación que se le ha practicado de oficio en tres de Agosto del año último , a la suma de siete mil trescientas once pesetas y cinco céntimos, que es lo que se halla obligado a ingresar el referido Gestor.

A pesares das arbitrariedades dos novos gobernantes, ningún funcionario foi capaz de enfrontarse a eles, por razóns obvias, coa excepción do axente de vixiancia fiscal do Concello, Antonio Díaz Santiago. Éste, despois de estar detido dende o día 30 de setembro por orde da autoridade militar, acusado de masón, e de ter sido dado de baixa como funcionario o día 15 de outubro de 1936, apresentou un escrito de reposición o día 29 de decembro de 1938, solicitando o reingreso no seu posto laboral, por considerar que tiña legalmente todo o dereito *por no estar incurso en sanción ni penalidad alguna*[12]. Pese á insistencia nos recursos, Antonio Díaz Santiago resultou definitivamente suspendido nas súas funcións.

Os consellos de guerra sumarísimos

Os novos órganos de Xustiza da chamada Junta de Defensa Nacional criada polos militares golpistas teñen a súa orixe no Decreto de 24 de xullo de 1936, polo que a devandita Junta asumía con exclusividade todos os poderes do novo Estado. A través do bando do 28 de xullo de 1936 declarouse o estado de guerra en todo o Estado español (en Viveiro xa lle fora comunicado ao alcalde Balbino Cerdeiras, como vimos, no atardecer do día 20 de xullo), afectando directamente a todos os tribunais de xusticia ordinaria,

que perderon a maioría das súas atribucións a prol da xusticia militar. De tal xeito que, por procedimento sumarísimo e empregando como norma legal o Código de Xusticia Militar, ficaban baixo a exclusiva xurisdicción de guerra todos os delitos que atentasen contra a seguridade da patria, estado, exército, disciplina militar, rebelión, sedición, atentados, resistencia e desobediencia á autoridade e demáis "delitos contra el orden público", comprendidos no título 3º do Código Penal ordinario (Artº 5º, apartado A).

Normalmente, en vilas como Viveiro, que era cabeza de partido xudicial, os primeiros procesos militares comezaban unha vez aberto un atestado contra calquer persoa ou grupo de individuos pola garda civil, os carabineiros ou mesmo os falanxistas. Estes actuaban como grupos paramilitares, con amplas facultades para deter, interrogar, ou torturar aos detidos con total impunidade

Os-as detidos-as, que ingresaban no depósito municipal, baixo a xurisdicción do xuiz Julio Murias, destinado en Viveiro, e que viña actuando como delegado do Fuero de Guerra, permanecían na vila mentres o xuiz iniciaba a instrucción da causa, coa toma de declaracións, informes, etc., para, unha vez realizadas as formalidades necesarias, inhibirse a favor do Fuero de Guerra, remitindo as actuacións realizadas até ise momento ao correspondente xuiz do Xulgado Militar Eventual de Praza, en Lugo. Este continuaba coa instrucción da causa, petición de antecedentes e demáis formalidades até a celebración definitiva dos consellos de guerra.

A maioría dos consellos de guerra de carácter sumarísimo celebrábanse no salón de actos do pazo da Deputación Provincial de Lugo, estando compostos os diversos tribunais por militares pertencentes ao Regimiento de Infantería Zaragoza nº 30. As condenas tipificábanse, fundamentalmente, como rebelión militar, auxilio á rebelión ou adhesión a mesma. Realmente, a pesares de gardar as apariencias de cumprir todos os requisitos formais, os xuicios sumarísimos deixaban moito que desexar, non só polo arbitrario das acusacións e das condenas, senón pola falla absoluta de posibilidades reais de defensa ante os informes, xeneralmente demoledores, que sobre os detidos enviaban a garda civil, a falanxe e os alcaldes, ademáis das posibles denuncias ou delacións de particulares. Eses informes pesaban como unha lousa contra os detidos á hora do xuicio, a pesares de que a gran maioría carecía de antecedentes penais. Outro tanto pasaba cos defensores, nomeados de oficio, papel que recaía xeneralmente en alféreces de complemento, que, en moitos casos e pese á súa boa disposición, apenas podían facer nada ao estar xa decididos os veredictos ou non ter case tempo material para preparar as defensas, dada a excesiva celebración de consellos, entre tres ou catro diariamente, cunha

grande cantidade de enxuiciados. Nalgunhas ocasións, os propios defensores atrevéronse a solicitar clemencia para algún procesado ante o presidente do Goberno Nacional en Burgos, como o axente fiscal do Concello viveirés Marcelino Albo, condenado a morte pola C/949/36. O alférez de complemento de Artillería, José Iglesias Presas, alegou a falla material de tempo para a convinte preparación da defensa, pois ése era o papel que tiña encomendado:

(...) en ocho de los diez Consejos de Guerra que se celebraron en esta Ciudad los días lunes, martes y mañana de hoy y por ese motivo no le quedó tiempo material para hacer una labor profunda de defensa, pues tuvo que atender además a parte de sus habituales ocupaciones en la Requisa de Automóviles; y como, por otra parte, el Ministerio fiscal no consideraba agravante alguna en la actuación de mi patrocinado, esta Defensa no creyó indispensable para salvar la vida del procesado aportar al Consejo alguna prueba que, de haber venido, hubiera hecho variar seguramente, como en el anteriormente celebrado, el criterio del Tribunal.

Por ello, esta Defensa, en vista de las especiales condiciones que concurren en este condenado, considerándolo como un deber de conciencia y humanidad. SUPLICA encarecidamente a V.E. que, como caso excepcional, previo el correspondiente estudio de la causa y del acta del Consejo de Guerra del mes de septiembre, acuerde, si lo estima de Justicia, conmutar al MARCELINO ALBO MEITÍN la pena de muerte por la de cadena perpétua.[13]

A pesares dos esforzos realizados polo defensor Iglesias Presas, finalmente Marcelino Albo sería fusilado en Lugo o 29 de abril de 1937.

En xeral, en todas as sentencias dictadas por consello de guerra, aparece unha clarísima xustificación ideolóxica do Alzamento. Os motivos fundamentais dista explícita xustificación teríamos que buscalos en base a toda unha serie de circunstancias polas que pasaron os militares sublevados, logo de que a rebelión contra a legalidade republicana non fora secundada masivamente no Estado español. De aí que os militares golpistas só foran capaces de realizar o clásico pronunciamento que mantiña, iso si, unhas claras vinculacións económicas, sociais e políticas coas distintas forzas da España conservadora. Sen dúbida, o fracaso dos sublevados, que orixinaría a guerra civil, obrigounos a xustificarse ideoloxicamente, tratando de convertir a conspiración, nun "Alzamiento Nacional" de grande calado, dotado dunha pretendida espontaneidade e xeneralización, gracias ao apoio da poboación. Os intentos xustificativos dos militares aparecen claramente especificados no inicio de todos os consellos de guerra celebrados,

en base a unha serie de argumentos que se repiten constantemente:

- O "Alzamento Nacional"como algo cheo de espontaneidade e apoio masivo da poboación.
- O intento de identificar República con caos e desorde público, tratanto de ilegal a un poder nacido democráticamente das furnas, logo das eleicións de febreiro de 1936.
- Conversión, polo tanto, dos representantes legais republicanos nuns traidores, ao consideralos culpables dunha inexistente conspiración marxista.

As contínuas alusións á revolución e ao comunismo que se facían nas diversas causas sumariais, acusando repetidamente de comunistas á maioria dos encausados, resultan excesivamente esaxeradas, pois non debemos esquecer o carácter minoritario do Partido Comunista en Viveiro, en Galiza e mesmo no conxunto de Estado español, onde os comunistas contaban, únicamente, con 17 deputados dos 263 que compoñían a Frente Popular. A explicación da utilización reiterativa do furibundo anticomunismo teríamos que buscala máis ben en razóns de comenencia ideolóxica para os alzados, en canto á defensa do seu espíritu de clase e diferenciación social ou, mesmo, como xustificación da máis pura tradición españolista fronte as novas ideas e estranxeirantes, contra as que compría realizar unha "cruzada liberadora".

Como confirmación do que rematamos de explicar, reproducimos tan só algúns resultandos da sentencia da Causa núm. 814/36, instruída contra os concelleiros viveireses Ángel Fraga Orosa, César Parapar Sueiras, Javier Soto Valenzuela e os tamén paisanos Bernardino Núñez, Modesto Cociña González, Segundo Arias Pérez, José Antonio Bouza e Nicasio Gómez Leal, todos eles acusados de rebelión militar.

RESULTANDO: que iniciado el Movimiento Nacional a mediados de Julio último, con el fin de rescatar a España del mando de los Gobiernos del Frente Popular, que pretendían desmembrarla y hacerle perder su independencia, el Ejército, columna vertebral de la nación, personalizó y dirigió tal Movimiento bajo el régimen legal de los Bandos declaratorios del Estado de Guerra y el fin perseguido de dar a la Nación nueva estructura en consonancia con sus verdaderas esencias de personalidad, quedando rota la anterior ordenación jurídica y asumidos todos los Poderes del Estado por la Justicia armada.- RESULTANDO: que contra esta acción salvadora de la Patria opusieron resistencia, exterirorizada en diversas formas todas provinientes de un conglomerado compuesto por elementos y simpatizants

del Frente Popular, esto es políticos e instituciones prisioneras del Gobierno antinacional, masas sindicales seducidas por sus líderes y turbas de gentes salidas de los más bajos fondos sociales, todos los que al alzarse en armas contra el Ejército hicieron patente una revolución que venían preparando con el fin de implantar la dictadura del proletariado al servicio de Rusia, y convirtieron a los peublos donde pasajeramente tuvieron dominio en un caos sin más Ley que el crimen y la realización de toda clase de violencias contra las personas y propiedades.

A maioría das condenas que recaeron en consello de guerra sobre os/as viveireses-as, por parte dos tribunais militares, foron impostas baixo as supostas acusacións de traición, rebelión militar ou adhesión á rebelión, por ter colaborado na defensa da República, a través da requisa de armas, nos asaltos aos polvoríns de Escourido e das Minas da Silvarosa, na elaboración de explosivos, na incautación do comercio de Gonzalo Rodríguez Salvador, na resistencia armada en Viveiro e Coruña ou por desafección ao novo réxime militar. Por todos istes motivos foron encarcelados e procesados, dende xullo de 1936 a 1939, 370 persoas; máis 34 fusilados ou agarrotados; 19 paseados ou mortos violentamente; 11 mortos nos cárceres; 3 mortos en campos de traballo ou concentración; 3 mortos loitando no frente republicano; 41 mortos no monte, loitando como guerrilleiros, entre 1936 e 1950; 1 secuestrado e asasinado, e 1 morto logo de interrogatorio. O total de mortos elevouse a 113, cinco deles mulleres. Houbo ademáis 16 exiliados e, entre os desertores, 33 de Cervo, 25 de Sa Román-Suegos, etc, etc.

As disposicións do bando de guerra do 28 de xullo de 1936 permaceron vixentes até bastante despois de finalizada a guerra, cando coa promulgación da lei do 7 de outubro de 1939 se recoñeceu relativamente que a vida civil quedara novamente normalizada, reducíndose o ámbito de actuacións das autoridades militares as cuestións de orde pública.

Represión do maxisterio

A rápida ruptura do sistema educativo republicano que se produxo nos territorios dominados polo autodenominado exército nacional, non tería acontecido tan axiña de non ter coincidido a cercanía temporal entre o golpe militar do 18 de xullo e o inicio do curso escolar 1936-37, a principios de setembro. Pois, aínda que os militares eran partidarios de "purificar" a sociedade española a través dunha rexeneración ideolóxico-patriótica, que tería como base principal o cambio da estructura educativa liberal-republicana, o proceso desenrolaríase máis lenemente e non de inmediato,

como ocurreu, obrigados pola necesidade de dar sensación de total normalidade e control da situación. Así, a proposta do rectorado da Universidade de Zaragoza, a Junta de Defensa Nacional, establecida en Burgos, aprobou, por orde do 19 de agosto de 1936, toda unha serie de normas para o comezo do curso escolar nas escolas de instrucción primaria, a partir do día primeiro de setembro:

La necesidad de demostrar al mundo la normalidad de la vida nacional en las regiones ocupadas por el Ejército Español, salvador de España, hace imprescindible que en todas las manifestaciones de la misma, sea un hecho el orden y funcionamiento de los organismos oficiales.

Entre estos se halla la escuela de instrucción primaria, que como piedra fundamental del Estado debe contribuir no solo a la formación del niño en el aspecto de cultura General, sino a la españolización de las juventudes del porvenir que, desgraciadamente, en los últimos años, han sido frecuentemente orientadas en sentido inverso a las conveniencias nacionales.

Na normativa sexta da devandita orde, do 19 de agosto, expresabase a obriga que tiñan os alcaldes de informar ao Rectorado de cada Distrito Universitario, sobre a actuación dos mestres-as nas diversas localidades:

...respecto a si la conducta observada por los Maestros propietarios o interinos, que desempeñaban las escuelas en las localidades respectivas, ha sido la conveniente en orden a las finalidades de esta disposición o sí, por el contrario han demostrado aquellos, en el ejercicio de su cargo, ideario perturbador de las conciencias infantiles, así en el aspecto patriótico como en el moral.

Apenas uns días máis tarde publicábase a orde de 28 de agosto, sobre *Informes personales y conducta política del profesorado docente*, pola que os gobernadores civís e os alcaldes estaban obrigados a remitir ao rectorado de Santiago informes sobre os antecedentes e conducta persoal de todo o profesorado dos centros docentes. Estas disposicións veríanse aínda complementadas con outras novas, como a circular do 15 de setembro, relativa á clasificación en tres grupos dos informes recibidos, en virtude dos seguintes criterios:

- Os mestres cuxos informes foran totalmente desfavorables, debido as súas actuacións durante o período republicano, "no solo en sus aspecto perturbador de las conciencias infantiles, sino por su conducta amoral o antipatriótica", os cais serían inmediatamente suspendidos de emprego e soldo.

- Todos aqueles mestres-as que, con conducta non ben definida ou dubidosa, poderían ser suspendidos de emprego e soldo, durante un período máis ou menos longo de tempo, que podería oscilar entre un, tres ou seis meses de suspensión.
- Os mestres con informes favorables seguirían ratificados nos seus cárregos.

A aplicación sistemática das normativas depuradoras afectou grandemente ao corpo de maxisterio galego, un dos máis represaliados e castigados polos novos gobernantes. Segundo cálculos realizados polo profesor Antón Costa Rico, en Galicia serían represaliados 701 mestres-as, correspondéndolle á provincia lucense un total de 118 destitucións e cesamentos, 32 suspensións temporais de emprego e soldo e 53 traslados a outras escolas; é dicir, en total 203 sancionados-as. Vexamos deseguido os listados, de elaboración propia, referentes aos mestres-as destituidos ou suspendidos temporalmente no partido xudicial de Viveiro e na Mariña luguesa:

Relación de mestres-as destituidos ou sancionados no P. Xudicial de Viveiro

- Antonio Lafuente Jiménez, presidente da Agrupación Socialista de Muras, preso e fusilado en Lugo.
- Ángel Fraga Orosa, mestre de Vieiro-Viveiro, tenente de alcalde de Izquierda Republicana, preso e fusilado en Lugo.
- Jesús Varela Seijas, mestre de Landrove-Viveiro, preso en Lugo e destituido, posteriormente foi destinado a Papin, reincorporandose a escola de Landrove a partir do 21 de Marzo de 1940.
- Modesto Vilar Insua, profesor de Ciencias Químicas, Físicas e Naturais, da Escola Elemental do Traballo, en Viveiro, morto no monte Meau, en Cuiña-Ortigueira, o día 1 de xuño de 1939, formando parte da partida dos irmáns Neira, en 1936 pertencía ao Partido Galeguista.
- Eugenio del Valle Fernández, mestre de Mecánica general e prácticas de taller, da Escola Elemental do Traballo, en Viveiro, permaneceu fuxido no monte dende 1936 a 1939, en 1936 pertencía ao Partido Galeguista.
- Fermín González Prieto, profesor de Dibuxo xeométrico e industrial, da Escola Elemental do Traballo, en Viveiro, membro do Partido Socialista, destituido.
- José Costa Pardo, mestre de San Román de Vilastrofe-Cervo, preso en Lugo, morto de tuberculose no cárcere provincial, de ideoloxía socialista.

- Antonio Méndez Sacedas, mestre do Pósito de Pescadores de Vicedo-Riobarba, destituido.
- Vicenta González Vizoso, de Riobarba.
- Joaquín Valero Navajas, de Suevos-Riobarba.

Tamén foi destituido e detido o viveirés e mestre de Sismundi-Ortigueira, Manuel Bermúdez Fernández, reincorporado anos despois.

Mestres trasladados

- María López Cabanillas de Suasbarras-Covas á escola unitaria de Noceda-Cervantes.
- Arsenio Díaz Gómez, de Ourol á escola de Trobo-Fonsagrada.
- Manuel Cruz Lamas, de Vilares-Ourol a Goios-Vilaméa e tres meses de suspensión de soldo.
- Jesús Cruces Romero (interino), de Iglesia Riobarba para Pino-Puebla de Brollón e un mes de suspensión de soldo.

Outros mestres-as destituidos-as ou suspendidos na Mariña

- César Margolles de la Vega, mestre de Benquerencia.
- José Arévalo Simón, mestre de Santiago de Reinante.
- Antonio Pérez López, mestre de San Miguel, nº 2.
- Tomás Carlos Rayón López, mestre de Vilamartín.
- Atilano Villarino Marqués, mestre de Barreiros nº 1.
- José Ramón Lorenzo Fernández, mestre de Celeiro de Mariñaos.
- Antonio Carmena Carmena, de Barreiros, nº 2.
- Elisa Prieto Cousent, mestra de San Xusto de Cabarcos.
- José María Gallo Gallo, da Pontenova. Inhabilitado para o desempeño de escolas,fusilado en Lugo.
- José María Peña Arcajo, mestre de Goios-A Pontenova.
- Eustaquio Fernández Ferrería, mestre de Santalla-A Pontenova.
- Antonio Crespo Fernández, mestre da Pontenova.
- Juan Rey Santamarina, mestre de Lourenzá.
- José Novo Rico, mestre de Ribadeo, nº 1.
- Eulogio Gómez Díaz, mestre de Piñera-Ribadeo.
- Julio Cadahía Vázquez, mestre de Santa Cilia-Foz.
- José Vizoso Vizoso, mestre de Fonte de Vila-Valadouro.
- Alfredo López López, mestre de Ribela-Foz.
- Gregorio Sanz García, mestre da preparatoria de instituto, Ribadeo.

Entre os Inspectores de primeira ensinanza suspendidos na provincia de Lugo figuraban dous intímamente ligados con Viveiro:

- José Galera Moreno, antigo mestre do Folgueiro, secretario da Biblioteca Popular Circulante de Viveiro en 1929 e militante da FETE-UGT.
- Luis Soto Menor, inspector xefe lucense, destacado organizador do Patronato de Colonias Escolares de Lugo (1928-1936), así como dos Congresos Pedagóxicos, celebrados en Lugo en 1923 e 1933, este último reunira ao redor de mil mestres e contara coa presencia de importantes personalidades, como
- Lorenzo Luzuriaga, director da Revista de Pedagogía.

A explicación de tan desmedida represión sobre os profesionais do ensino teríamos que buscala principalmente no importante labor educativo desenrolado durante a II República polos movimentos de renovación pedagóxica e no crecente expansionismo do asociacionismo sindical educativo. Esas accións contribuiron dun xeito importante ao desenrolo dos principios de cidadanía, progreso, liberdade, laicismo, coeducación e solidaridade, propios dunha sociedade democrática e normalizada. Algo que, sen dúbida, desagradaba totalmente ás novas autoridades, pois consideraban nefasto o labor desenrolado pola maioría dos profesionais da ensinanza durante os anos republicanos. Todo porque a liña ideolóxica dos "alzados" respondía claramente a unha concepción esencialista da "Patria", dividida simplistamente na dicotonomía "españoles"(sinónimo de patriota, persoa honrada, de orden, de ben...) e "antiespañoles" (sinónimo de bolchevique, extranxeiro, xudeo-masónico, turbas, rojos....). En síntese dous prototipos diferentes, positivo e negativo, "buenos" e "malos". Así os calificaba, por exemplo, o gobernador civil de Lugo Ramón Bermúdez de Castro, a través dunha circular publicada no xornal lugués *El Progreso* (10-IX-36), con motivo do inicio do curso escolar en primaria. Segundo Ramón Bermúdez ,os bos mestres eran os que realizaban un labor de verdadeiro "sacerdocio" a prol da "arquitectura espiritual" co fin da *restauración de la fe de Cristo y del amor a España*, en oposición aos *malos* ensinantes que, debido a súa *escasa elevación moral y torcida concepción espiritual*, convertíranse nos máximos responsables da destrucción material e moral:

... qué enorme responsabilidad ante Dios y ante la Patria, la de los maestros que olvidando su misión, de paz y de amor, enseñan el odio a todo lo existente, a los alumnos que debieran encaminar hacia el bien! ¡Qué tremenda responsabilidad la de los educadores de la infancia que recibiendo

bajo los techos de su escuela, almas puras e inclinadas al bien, las moldean en sus manos pecadoras con el odio y el rencor en el cultivo de todas las concupiscencias y con la vista puesta en bastardos ideales que llevando primero a la desesperación a los que lo profesan, han de producir la ruina moral, primero, y la total destrucción material, después de los pueblos que tenían la obligación legal y moral de engrandecer y prestigiar![14]

Con semellantes opinións como a de Ramón Bermúdez, quen xa advertía na antedita circular que España, para "salvarse de las malas obras irreparables", tiña o deber de ser "justiciera con austeridad y sin crueldad, severa", non debemos extrañarnos, en absoluto, dos excesos represivos que exerceron as novas autoridades co corpo de mestres.

Represión que se agudizaría a nivel educativo coa cuestión do laicismo, a partir da adhesión incondicional da Igrexa católica ao réxime militar, como manifesta outra volta, na circular anterior, o gobernador civil Bermúdez de Castro, á hora de recomendar persoalmente como principal libro de texto o Catecismo:

...el primer libro que se precisa difundir en la infancia española familiarizándole con él, es el Catecismo de la Doctrina Cristiana, ya que en ese folleto se encierra la única moral verdadera y en él se compendian todas las soluciones a los problemas éticos que pueden presentarse a los hombres en todas las edades de la vida.[15]

R. Bermúdez, amosando as súas "amplas dotes pedagóxicas", consideraba necesario un libro de lectura "que a la vez que ameno e instructivo, sirva para elevar el sentimiento y para enfervorizar el alma con la contemplación de los valores tradicionales de esta España bienamada". Concluía que, dende logo, existían libros "utilísimos y dignos de recomendación", pero que as circunstancias propias do momento non lle permitían "ponerse en relación con su autor para consultarle si tiene a disposición del público los ejemplares necesarios". Días despois, a Junta de Inspectores de Lugo, segundo nos conta El Progreso (24-9-36), examinou "atenta y detenidamente la importante y transcendental circular" do gobernador civil, acordando restituír a obrigatoriedade do ensino da Relixión (Doctrina Cristiana e Historia Sagrada) nas escolas. Posteriormente, a inspección de primera enseñanza, seguindo a normativa estipulada polo Boletín Oficial do día 11 de setembro, ordeou que se adicasen duas clases semanais á Doctrina Cristiana e outras duas á Historia Sagrada, tendo en conta normas curiosamente aínda impregnadas de certo didactismo multidisciplinar:

En adiante, a ensinanza da Doctrina Cristiá debería facerse tendo como base o catecismo do Pai Astete, "huyendo de todo memorismo estéril y procurando que la doctrina tuviera un efectivo valor de formación moral cristiana". Polo tanto, recomendábase que:

- A ensinanza da Historia Sagrada se ilustrase intuitivamente para facer máis viva e interesante a narración bíblica, así como máis doado e eficaz o seu coñecemento.
- Que ambas as duas ensinanzas, Doctrina Cristiana e Historia Sagrada, se relacionasen o máximo posible.

Con respecto aos libros de texto, a xunta de inspectores recomendaba intensificar os medios de educación cívico-patriótica cunha total interrelación das enseñanzas de Historia, Xeografía, Dereito e Moral, ademáis de lecturas comentadas con textos buscados "ad-hoc", como os que ofrecían, entre outros libros, "España sobre todo", por Pascual Santacruz; "El Muchacho español", por Salaverría, y "Lecturas cívicas", por Franganillo, complementándose "con lecciónes ocasionales a las que, a diario, ofrece motivos y sugerencias sin cuento la grandiosa gesta que está llevando a cabo el auténtico pueblo español, en estos momentos históricos". A xunta de inspección, para dar cumplimento á devandita circular e á Orden da Junta de Defensa Nacional do día 4 de setembro, relativa á revisión e selección de libros e publicacións escolares, daba un prazo de dez días a todos os mestres-as da provincia para que remitisen á inspección unha relación de todos os libros escolares e obras que existisen nas bibliotecas dos colexios, indicando títulos e autores. Cara ao Nadal de 1936 xa se constituira a chamada comisión depuradora de bibliotecas escolares da provincia de Lugo. Despois de proceder ao estudo dos catálogos e relacións de libros de estudo e lectura de todas as escolas e bibliotecas anexas, advertía aos mestres-as que, ao reanudarse as clases, despois do período lectivo navideño, recibirían instruccións concretas sobre os libros usados nas escolas. Mentres, as bibliotecas deberían permanecer pechadas ao público, en tanto non recibisen os mestres as oportunas instruccións.

A comisión depuradora de bibliotecas de Lugo, que estaba composta polo inspector-jefe e canónigo da catedral Antonio García Conde e polo profesor de segunda ensinanza, o ex-dirixente da Direita Galeguista, José Filgueira Valverde, divideu os libros en tres grupos:

- Libros que podían ser utilizados na escola e lidos polos nenos.

- Libros que debían ser destinados exclusivamente á biblioteca de adultos.
- Libros escolares e de biblioteca que por diversas circunstancias deben ser retirados das bibliotecas locais.

Os libros que foran clasificados dentro deste último grupo, debían ser remitidos polos mestres-as á comisión depuradora provincial, polo que baixo ningún pretexto deberían os mestres queimar ningún libro, nen entregalo a ningúen, mentres non recibiran as relacións correspondentes. Por mor das normativas de incautación, depuración e destrucción de libros, foi suspendida e depurada a Biblioteca Popular-Circulante do distrito de Viveiro, que fora creada en 1929 por Felipe Carnicer, presidente da Asociación do Maxisterio viveirés.

O paroxismo depurativo, alentado por unha moralidade extremadamente dogmática, levou a extremos certamente ridículos como as manifestacións realizadas o día 14 de agosto de 1937 polo gobernador civil da provincia, con motivo da súa visita ao Concello de Cervo:

ESCUELAS: Se vistó un grupo escolar moderno, amplio y bueno, en el que solo se hizo notar la impropiedad de la biblioteca de las niñas (¿) a pesar de haber sido ya depurada; no se trata de que haya libros propiamente inmorales ni subersivos, pero si impropios para escuela y en los que domina una pedantería algo sospechosa; como ejemplo puede citarse la existencia de *La Celestina*.

É necesario sinalar, igualmente, a importante campaña patriótico-relixiosa que as novas autoridades, encabezadas na provincia de Lugo polo gobernador civil R. Bermúdez, desenvolveron con motivo da reposición dos crucifixos nas escolas.

A intoxicación informativa culpabilizando aos mestres chegou a tal extremo que resultaba usual a publicación na prensa local de diversos "entrefilets", como o seguinte, extractado do *Heraldo de Vivero* (10-4-37):

Ahora todos los Maestros son excelentísimas personas. Sin embargo, todos recordamos la actuación y significación de ellos.

O maniqueísmo encol dos mestres-as foi tan xeneralizado que semella fosen todos convencidos republicanos, cando tamén houbo destacados ensinantes-as do distrito viveirés que se definiron abertamente polos rebeldes como Román A. Crespo Franco, ex-militante do PRRS, xefe accidental da Falanxe local en 1937; Antonio Prados Ledesma, mestre de Morás, xefe de prensa e propaganda de Xove; José Ladra Ben, vocal da Asociación Provincial de Maestros

Católicos de Lugo, constituida en novembro de 1936; Antonio Noriega Varela, membro de prensa e proganda de Viveiro, Serafín Paz, militante carlista e destacado articulista do "Heraldo de Vivero"; Antonio Montero Trobo, mestre de Celeiro, Dionisio Roca mestre de Boimente, etc.

Aínda que unha circular do 7 de decembro de 1936 establecera a separación definitiva de todos os ensinantes que estiveran militando en partidos da Fronte Popular ou simplemente simpatizasen con ela, os redactores do *Heraldo de Vivero* seguían teimudamente coa súa particular campaña de "caza" de mestres sospeitosos de desafección, como manifestaban no número correspondente ao día 16 de xaneiro de 1937:

En su circular de 7 de diciembre el Presidente de Cultura y Enseñanza de la Junta Técnica del Estado sobre depuraciones de Instrucción Pública ordena proponer la separación inexorable de sus funciones magistrales de cuantos directa o indirectamente han contribuido a sostener y propagar los partidos, ideario e instituciones del llamado Frente Popular. Deben observar los falangistas locales si esta orden se cumplió en la escuela de Juances cuyo maestro todos sabemos que era el confidente de Mendezona.

Se ben na cita anterior se fala directamente do mestre de Xuances e do asasinado vista de Aduanas de Viveiro, Luis Sánchez Mendezona, nunca nos atoparamos con ningún outro artigo máis apoloxético e de inducción aos tristemente célebres "paseos", como o insertado no *Heraldo de Vivero*, correspondente ao día 17 de abril de 1937, que imos reproducir integramente, para comprobar, unha vez máis, ata que extremo se podía chegar a perseguir a unha persoa:

Camilo Fernández es un bandido auténtico ¡y con título de Maestro! A los niños de la Escuela de Burela al día siguiente de unas elecciones les hizo recoger del suelo con la boca las candidaturas de derechas. Temiendo la acción de la Justicia escapó para Lugo al estallar el Movimiento Nacional abandonando la Escuela de Burela. ¡ Y sigue cobrando!

Antecedentes:

En 22 de octubre Jesús Gueimunde Villares, falangista, presentó una denuncia contra él que se remitió al Sr. Gobernador con un atestado de la guardia civil.

Con esta misma fecha se remitió también al Gobierno Civil una queja colectiva de varios vecinos de Burela contra dicho Maestro.

El 3 de febrero, y ante el escándalo que significaba el que este asunto quedase tapadito, varios padres de familia remitieron otro informe al Gobierno Civil.

El 10 de febrero se devolvieron al Director del Instituto de 2ª Enseñanza de Lugo las fichas con informe desfavorable al angelical educador Camilo Fernández. Para más detalles blasfemaba para enseñar a los niños.

Fue detenido en Lugo por Falange de Cervo y seguidamente puesto en libertad por orden gubernativa. ¡ Y sigue cobrando! Tiene a un muchacho atendiéndole a la Escuela y él se pasea por Lugo.

Para esta clase de canallas debe haber otra clase de paseos que no sean los de las ciudades precisamente.

O proceso depurativo dos mestres viveireses, sen embargo, estaba xa finalizado cara ao mes de maio de 1937, segundo manifestaba no semanario local *Heraldo de Vivero* (1-5-37) o presbítero Eduardo Aguilar Adonis, no seu artigo xornalístico "Fiesta en la Escuela", onde describía os ideais "restauradores" da xerarquía eclesiástica, en contraposición ao laicismo republicano do ex-ministro de Instrucción Pública Marcelino Domingo ou do ex-director de ensinanza primaria, o socialista Rodolfo Llopis:

...En esta obra de restauración no se podrá olvidar a los niños, semilla de la Patria futura, tan viciados por los gobiernos que quisieron convertir el jardín hermoso y florido de Hesperia en una fría y frida estepa rusa; los niños incrédulos, blasfemos y rebeldes: ¡qué sarcasmo!

Se ha depurado la Escuela de tanto maestro sectario de Domingo y de Llopis, buenos sembradores de cizaña, imponiendo una enseñanza cristiana, española y civilizadora, presidida por el Santo Crucifijo que es el origen de nuestras más puras grandezas patrias, y ahora, por feliz decisión, también por la dulce y material imagen de nuestra Madre María Santísima, a quien deben saludar los escolares con el tradicional saludo: Ave María Purísima, y en el mes de las flores han de ofrendarle entre cánticos y ternuras rosas y flores del campo envueltas en un beso de su corazón.

(...) Aquel laicismo, en apariencia seco e indiferente, en la realidad sectario y venenoso, debe desaparecer, por inhumano, cruel y antiespañol. ¡Pobres niños, de puños en alto, de canciones de odio, de mirada feroz, bestezuelas hoy sueltas por la calle, coríferos mañana del mitin y de la revolución! Este era el fin natural y el fruto de aquella enseñanza.[16]

As comisións depuradoras aínda seguirían existindo até 1944, actuando sen descanso contra todos os ensinantes sospeitosos de ser desafectos ao réxime franquista, velando por unha instrucción primaria en consonancia co que se daría en chamar o nacional-catolicismo.

Represión da masonería

A masonería gozou sempre, pese ao seu carácter secreto, dunha relativa presencia nas terras do norte lugués, debido fundamentalmente ao labor dos vellos republicanos como Segundo Moreno Barcia, Andrés de la Caballería ou Manuel Leiras Pulpeiro. Gracias ás investigacións de Alberto Valín Fernández, coñecemos a existencia de duas loxias en Ribadeo: Perfección nº 89 (1873-1876) e La Fortaleza nº 82 (1891-1894), así como a mindoniense Vallibria Redempta nº 397 (1888-1892). Ademáis temos constatada a presencia, a finais do século XIX, doutra pequena loxia en Viveiro, da que formarían parte, entre outros, o médico republicano Ramón Díaz Freixo e o boticario José Plá. Sen embargo, será coa proclamación da II Repúblicacando a masonería acade un maior auxe co apoio, en moitos casos, de moitos emigrantes retornados, quenes ingresaran na masonería en América.

O Triángulo Fraternidad Humana nº 75 de Viveiro

Durante os tempos republicanos, sabemos da constitución da loxia "Triángulo Fraternidad Humana, nº 75", fundada en 1931, baixo a influencia do abogado socialista Andrés García Ferreiro, "Colini", que xa pertencera en Barcelona a loxia Ateneo Humanidad nº 2. Pouco sabemos das actividades do taller viveirés, dado o seu carácter secreto, ou mellor, discreto, pois celebraban as súas "tenidas" nos locais da Sociedad del Ramo de Construcción (UGT), axudados, sen dúbida, da complicidade do conserxe e destacado socialista local José López Martínez "Rabadelo", que tamén era masón.

En outubro de1934, a raíz da revolución de Asturias, a garda civil rexistrou e clausurou os locais da UGT e CNT, momento no que descubriron a existencia da loxia, atopando planchas, mandís, o compás, escadra, espada e outros elementos dos rituais. Gracias a duas planchas que forman parte do Expedente 10. Legaxo A 761, que se conservan no Arquivo Histórico de Salamanca, coñecemos a relación de cárregos elexidos para o ano 1933, segundo resposta dos masóns viveireses aos componentes da loxia "Perseverancia" nº 70 dos Vales de Larache:

Venerable Maestro: Bonifacio González Pedre.
H. Orador y Hospitalario: Miguel Moreno Barona.
H. Secretario y Tesorero: Álvaro Franco Fernández.
H. Secretario Adjunto: Manuel Antonio Méndez.
H. Maestro de Ceremonias: Alberto Riveira.
(Os demáis irmáns ostentaban os cargos que seguían).

Aínda que non coñecemos na súa totalidade aos "irmáns" que constituían o triángulo Fraternidad Humana de Viveiro, sí podemos engadir aos anteriores os nomes de: Antonio Díaz Santiago, José Melón Rodríguez, Vicente García Hervás e Acacio Vázquez. Da análise da adscripción partidaria dos masóns viveireses, podemos afirmar que era do máis variado, con militancias que ían dende o socialismo até o republicanismo de centro esquerda. En canto as profesións, podían variar dende obreiros e menestrais até carabineiros, comerciantes, escribintes, funcionarios, abogados ou mestres.

Ademáis dos anteditos sabemos doutros masóns relacionados con Viveiro, como o andaluz e mestre de San Román, José Galera Moreno, "Piedad", destacado membro da Orga e posteriormente do Partido Socialista, que logo de facerse Inspector de 1ª Ensinanza, formou parte da loxia lucense Lucus Nº 5. Outros membros desta loxia, foron Rogelio Pena Blanco, "Marden", grau 18, natural de Galdo-Viveiro e concelleiro en Lugo, onde traballaba como industrial, militando inicialmente no Partido Radical e despois en Unión Republicana; non menos destacada foi a figura de Ramón Rodríguez Prieto, "Tihomvill", abogado natural de Ourol, membro da loxia Lucus nº 5, afiliado primeiramente ao Partido Radical e máis tarde á Izquierda Republicana, da que chegou a ser presidente en Viveiro, durante a Fronte Popular.

Loxia Hijos de Hirám, nº 17 de Vicedo

Esta loxia, constituida no Vicedo-Riobarba, dependente do Gran Oriente Español, Vall, de Madrid, comezou a súa organización a principios de xuño de 1933, dirixíndose á Gran Loxia Rexional do Noroeste de España, nos Vales de Xixón, coa finalidade de solicitar carta de dispensa e instruccións para abrir o templo. Previamente, reuníranse os seus membros o día 16 de xuño, co obxecto de constituirse:

Un grupo de hh:. De buena voluntad y sin reparar en sacrificios como es nuestro deber se reunieron en los Vall:. de Vicedo(Lugo) el día 16 de Junio último con el objeto de que siendo esta zona punto de emigración en el cual vuelven nuestros qq:. Hh:. de América, se encuentran sin punto de contacto para continuar trabajando. Estamos realizando todo lo posible para levant: column:. en estos Vall:. para lo cual hemos adquirido ya en arrendamiento una casa completa y estamos construyendo el templo : y demás dependencias.[17]

O taller otorgou a súa carta constitutiva á Logia Regional del Noroeste de España o día 20 de agosto de 1933, enviando a seguinte relación de "irmáns":

Venerable Maestro: Orencio de Sola Calavia, E. Zola, grado 6º, mecánico.

1º Vigilante: Modesto Infante Parapar, M. Azaña, grado 3º, propietario.

2º Vigilante: Jesús Castaño Galdo, J. Del Campo, grado 3º, propietario.

Orador: Manuel Martínez Blanco, M. Junio, grado 1º, chaufeur.

Secretario: Nicolás Blanco López, F. Galán, grado 2º, empleado.

Tesorero: Antonio Carrera Calvo, Irám, grado 3º, propietario.

HH:. José Díaz Costa, P. Iglesias, grado 1º, empleado.

Posteriormente, incorporaríanse novos "irmáns"ao taller como Francisco Lamelas Talín, Heliodoro Fernández Cuilo, José Vares, Manuel San Pedro, Jesús Iglesias, Francisco Castaño Galdo e Francisco Sánchez. A loxia Hijos de Irma nº 17 funcionou activamente e mantivo multitude de contactos con outras loxias do estado, até o seu desmantelamento por mor do golpe militar.

En adiante, as novas autoridades do réxime fascista perseguiran con saña á masonería, seguindo as ordes do propio xeral Franco, que creou a chamada Delegación Nacional de Servicios Especiales, que dependía directamente da súa secretaría particular. O gobernador civil da provincia comisionou ó falanxista lugués Alfonso Alfonso para encarregarse das indagacións sobre os membros das loxias do partido xudicial de Viveiro. O feito de non atoparen as planchas e libros fundacionais, que foran queimados polos falanxistas, xunto con outros obxectos rituais, durante os primeiros días da rebelión militar, evitou posibeis excesos físicos, máis non as acostumadas arbitrariedades e persecucións, como podemos comprobar a través da seguinte cita, de *Heraldo de Vivero*, correspondente ao 23 de xaneiro de 1937:

La brigada Antimasónica de la provincia va a dar a la publicidad datos y nombres de interés. Al fin, pronto conoceremos a todos los hermanitos de las logias de la comarca.

Aínda que algúns coñecidos masóns, como o empregado municipal Antonio Díaz Santiago, foron encausados e suspendidos de emprego, outros lograron pasar máis desarpercibidos gracias ao seu parentesco con destacados falanxistas ou membros do réxime franquista. A fobia antimasónica chegou a extremos de verdadeiro paroxismo, como nos amosa o seguinte solto, publicado polo *Heraldo de Vivero* o 10 de abril de 1937, onde se facía referencia ao abogado e presidente de Izquierda Republicana da localidade:

Cuando salgan los voluntarios a caza de indeseables al Extranjero no hay que olvidar a Ramón Rodríguez, de Orol, el abogado de cuatro patas que revolvió a nuestro querido pueblo llevando a su lomo a los masones y bandindos más o menos solapados.

Este individuo tiene demasiadas cuentas pendientes con la Justicia para que viva tranquilamente porque tuvo dinero para escapar.

Y no hay que olvidarse tampoco de Doña Piedad Domínguez, de Burela, la monja prostituta que dejó el claustro para unirse al asesino Atadell y que escapó de Madrid llevando los millones robados en la Checa por su ilustre marido.

Finalmente, a partir do 1 de marzo de 1940 promulgouse a lei para a represión da masonería e o comunismo, o denominado conturbenio xudeo-masónico e creouse un tribunal especial para xulgar os delitos comprendidos nesa lei, que estivo en vigor até 1963. As penas impostas aos masóns foron moi duras, de doce a trinta anos de cárcere, chegando a tal extremo as depuración que se impidiu formar parte de calquer tribunal de honor a aquelas persoas cun familiar en segundo grado, por consaguinidade ou afinidade, que tivera sido masón.

As purgas

Se ben o exterminio, a violencia e privación de liberdade foron a base do sistema represivo utilizado polo novo réxime contra todas aquelas persoas consideradas "desafectas", a crueldade dos vencedores reflicteuse, igualmente, a través doutros métodos máis "suaves", pero non menos sutís, para castigar, escarniar e avergoñar públicamente ás víctimas. Aínda hoxe, deixou marcado nelas un pouso tan amargo que non resulta tarefa doada o intentar recuperar os recordos da dor e da vergoña longamente interiorizada. Seguindo os métodos do fascismo italiano, os falanxistas cometeron todo tipo de vexacións físicas, sobre todo cos familiares de moitos dos detidos, especialmente as mulleres, como moi ben se recolle no libro "Lo que han hecho en Galicia", editado nos anos da clandestinade, en París:

(...) Con las mujeres caracterizadas de antifascistas o simplemente madres, hijas o esposas de hombres de izquierdas, se han cometido vejaciones inauditas. El cortarles el cabello a trasquilones como se hace en toda la España nacionalista, ha sido un castigo que han impuesto en Galicia a millares de mujeres. Pero, además, les prohibían, so pena de graves daños, taparse la cabeza para disimular la afrenta de que habían sido víctimas. Por burla e irrisión les ponían en la cabeza pelada un lacito

con los colores de la bandera de la monarquía y en la frente les pintaban con tinta como inri las letras U.H.P.–Unión de Hermanos Proletarios– ( ) obligándolas a pasear así por toda la ciudad para diversión de los señoritos.

Deste xeito tan magoante foron "rapadas" moitas mulleres viveiresas, principalmente as que destacaban polo seu carácter reivindicativo nas fábricas de conservas ou tivesen militado en calquera das organizacións da Frente Popular. A abundancia de mulleres coa cabeza rapada chegou a ser tan grande na Nueva España que se popularizou a tristemente célebre canción:

Pelona, sin pelo,
cuatro pelos que tenías,
los vendiste de extraperlo.

Ademáis do corte do cabelo e do pintado de todo tipo de cruces, o usual tamén era a aplicación de diversas purgas, a base de saldiguera (purga de cabalos) e aceite de ricino ou auga de carabaña, co fin de que as víctimas, tanto mulleres como homes, se "purificasen"oportunamente expulsando toda "a maldade marxista" que presuntamente tiñan dentro dos seus corpos. O celo que teñen posto os neo-inquisidores falanxistas, en nome da rexeneración moral de España, ten chegado a extremos difícilmente relatables. No caso das mulleres, foron moitas as vexacións e mesmo violacións ás que se viron sometidas. Outro tanto pasou con moitos rapaces fillos de republicanos que, polas arbitrariedades dos represores ou polo mero feito de ter levado posta unha garabata, camisa ou calquer outra prenda de cor vermella, teñen pasado asíduamente a recibir a consabida purga polas dependencias de Falanxe, sita nos baixos da casa nº 7 da actual Rúa de Fernández Victorio, ou na chamada Casa dos Leóns. Noutras ocasións, os rapaces fillos de pais republicanos, como Francisco Prieto, fillo do fusilado Eloy Prieto, ferrador, axudante do veterinario de Viveiro, ou o tamén represaliado Gonzalo Pozo, nos anos da postguerra vivían o seu purgatorio particular no reformatorio de Lugo, segundo nos conta o mestre vilalbés e funcionario do Tribunal de Menores, Avelino Fernández Fernández, no seu inédito libro autobiográfico ou de memorias:

(...) El hermano mayor de Prieto, poco más que adolescente, fue igualmente detenido, maltratado, obligado a tomar no sé cuanto ricino, y después, bajo amenaza de muerte, a que comiera las deyecciones consiguientes. Por su negativa y por el terrible motivo por el que el lobo come y mata a la oveja, el joven Prieto desapareció de entre los vivos. La desgra-

ciada madre de siete u ocho hijos, agobiada con tantas desgracias y enferma, falleció en el hospital. La hija mayor encontró no sé que trabajo en Gerona. Las dos hermanas menores, unas niñas, recogidas por no sé que monjas en un asilo, trabajaban en la última escala de la jerarquía humana en el hospital: eran bonitas, humildes y buenas, tanto como desgraciadas como decían las monjas y yo pude apreciar cuando iban a ver a su hermano.

A este chico Prieto, en lugar de llevarlo a un orfanato, por pequeñas fechorías contra la propiedad le metieron en el Reformatorio, y allí le tenían como una fierecilla, poco menos que enjaulado, sin la menor satisfacción, sometido a discriminadas humillaciones. Hablando de él, todas las autoridades del Reformatorio eleccionadas por Candal, que parecía el augur, coincidían en el pronóstico que hacía de Prieto a toda hora. Decía: Este Pieto es la maldad personificada, como no podría ser menos por sus antecedentes: su padre, un rojo marxista, a quien, gracias a Dios despacharon en Vivero para el otro mundo en los primeros días del Movimiento, lo mismo que su hermano, que llevaba camino ¡tan joven! De ser igual o peor que su padre. Prieto no debiera salir de aquí más que para la cárcel o el patíbulo, incluso sin darle tiempo ni lugar a demostrar lo malo que no puede ser. Con la perversidad que encierra en sí, el día que salga de aquí irá a la cárcel por robo. Cuando salga, volverá por robo y asesinato para ser ahorcado, que es a donde se debería llevar a la mayoría de estos hijos de rojos, y a todos los que andan por la calle hijos de tales, y, si fuera posible, hasta a los nietos para acabar con semejante ralea.[18]

Noutras ocasións, para completar a rexeneración dos desafectos-as, logo de facerlles purgar convintemente as fallas cometidas, impoñíaselles como penitencia máis liviana a asistencia, durante un tempo determinado, á primeira misa que se celebrase polas mañáns. Nunha sociedade tan represiva e militarizada como a da España Nacional, resultaba totalmente obrigada a mecánica ritual de acatamento ao réxime, sendo preceptivo levar na solapa das chaquetas a bandeira monárquica, símbolo evidente de patriotismo; igualmente obrigatorio era a realización do saudo fascista con total marcialidade ou a asistencia a misa os domingos, chegando a multar o gobernador civil da provincia a varios viciños-as da parroquia de San Andrés de Boimente por non mandar aos seus fillos-as á misa:

Sancionando a Ramón Chao Rúa y José Mª Lamelas con 25 ptas. y a María Orol, José Balseiro, Jesús Balseiro, Francisco López, Camilo Albo, Alfredo Lorenzo, Ramona Pérez, Mª Antonia López, Jesús Rouco, María Antonia Rouco y Antonio Chao Rúa con 5 ptas. por el mal ejemplo que dan al dejar de mandar sus hijos a la Misa.[19]

O absurdo chegou a tales extremos que algúns destacados falanxistas, como Antón Sampedro, levado sen dúbida polo repentino afán de purificar calquer signo da España republicana, tivo exposto durante meses, no escaparate do seu comercio, na rúa de María Sarmiento, unha cabeza de madeira que representaba a Azaña, cunha luceciña vermella dentro, como se estivese ardendo permanentemente no inferno.

Paseos ou Lei de Fugas

Xa temos visto como a insurrección militar comezou coa persecución, detención, depuración e incluso execución, logo dos xuícios sumarísimos de moitos dos considerados "desafectos" ao novo réxime. As medidas represivas foron apoiadas maioritariamente por todas as forzas do Movimento, dende os militares ata os falanxistas e carlistas. Coñecidas son, igualmente, as diversas declaracións públicas realizadas por moitos dos xenerais rebeldes como Queipo de Llano ou Mola a respeito do establecemento dunha política represiva sen concesións, como corroboran as seguintes palabras de Mola:

Hay que sembrar el terror. Hay que dejar sensación de dominio eliminando sin escrúpulos ni vacilación a todos los que no piensan como nosotros.

Na actualidade, gracias a recentes investigacións realizadas sobre a represión fascista, sabemos que ista non tivo, en absoluto, un carácter espontáneo e incontrolado, como moitas veces se asegurou ou como podería semellar nun principio, senón que a represión obedeceu claramente a uns parámetros perfectamente definidos. O seu obxectivo, xa que logo, non sería outro máis que tratar de infundir por todos os medios o temor nas xentes, ao tempo que remataban con calquer intento de organización resistente.

A medida que o conflicto se convertía nunha guerra civil, os militares víronse obrigados a movilizar a todas as tropas e reservistas de cada zona para envialos ao fronte, deixando así a retagarda sen apenas efectivos. De aí que as milicias dereitistas e especialmente os falanxistas tiveran as máns libres para poder actuar ao seu antollo, como policías e executores. As víctimas serían preferentemente moitas das persoas que, pertencendo a sindicatos, partidos frentepopulistas, ou cárregos públicos republicanos, non puideron ser finalmente encausados debido a falla de probas acusatorias, motivo polo que axiña sairon en liberdade, logo de pagar unha considerable multa gubernativa. Noutros casos os

paseos tamén responderon a certos odios ou rencores acumulados ao longo do tempo.

En canto aos executores, amparados sempre na máis grande impunidade, resulta imposible coñecer os seus nomes, a pesares das múltiples faladurías que sempre se deron a nivel de rúa, dificultades que aumentan ao seren frecuentes as visitas que facían á nosa localidade destacados membros das escadras de Lugo e da Mariña, tanto no momento da toma de Viveiro, como posteriormente, así pola localidade, pasaron entre outros, falanxistas como José Viador Traseiras, Juan Manuel Pardo Gayoso, Antonio Pedrosa, os irmáns Torolo e Carlos Azcárraga, Manuel López Ribadulla, José Cedrón del Valle, Francisco García Benedicto, L. Cuervo "Tito", e sobre todo Alfonso Alfonso, verdadeiro organizador da falanxe viveiresa.

Os asesiñatos tiñan lugar, case sempre, polas noites, non só para conquerir un maior grau de impunidade, senón tamén co fin de atemorizar máis á xente. Unha vez realizado o crime, o normal era deixar a víctima abatida nun lugar moi visible e transitado, como unha estrada, camiño ou cuneta, para que servise de escarnio e advertencia. O sitio máis común onde adoitaban aparecer con frecuencia os asasiñados da zona era nunha das beiras a carón da ponte do Barqueiro, moi perto dunha pequena casoupa de servicio dos peóns camiñeiros. O motivo da elección deste tráxico lugar tería moito que ver, sen dúbida, co feito de ser a devandita ponte un dos límites naturais das provincias de Lugo e a Coruña, o cal orixinaba toda unha serie de trámites burócraticos que remataban por paralizar calquer lene intento de esclarecemento dos casos. Se ben a maioría das víctimas viveiresas, como veremos, resultaron mortas por mor das "sacas" das casas ou a resultas dos chamados "paseos", a outros, en cambio, aplicouselles a chamada "lei de fugas", é dicir, foron ametrallados ao intentar fuxir dos seus guardiáns, sempre segundo a versión oficial. Sexa como quer que fose, o único certo é que a impunidade dos falanxistas e "escadras negras" chegou a convertirse en norma habitual, como nos demostra a seguinte denuncia, tomada pola historiadora Mª Jesús Souto Blanco[20], na que o denunciante anónimo, un veciño de Viveiro, dirixiuse ao Xeral Franco (Agosto de 1937), por considerar insuficentes os "paseos"realizados:

Créame S.E. que todos los citados son más delincuentes que muchos fusilados y que el mismo Luis García a quien pasearon los Fascistas; aunque estuvo bien paseado, era mejor que los citados.

Os "paseos" chegaron a convertirse en algo usual en Galicia durante os primeiros meses do alzamento, realizándose dentro

da máis absoluta impunidade, mesmo con colaboradores oficiais como o oficial do cárcere provincial de Lugo, Melitón Coria Esteban, nomeado polos presos co apelativo Militón, como podemos ver a través da seguinte testimuña dun dos "paseados", o mariño mercante e membro do Partido Comunista de San Cibrao-Cervo, Antonio Paleo Saavedra, o cal logrou saír ileso:

Militón (su nombre no es nada poético) lacayo de los falangistas, la empleó –a Lei de Fuga– con frecuencia en la cárcel de Lugo. Además de esta práctica inhumana, privaba de comida y de patio (es decir salida al patio) a los que no frecuentábamos la misa. Como secretario tenía un joven (socialista) condenado por delito común: había dado muerte accidentalmente en un baile a otro joven intentando desarmar a un tercero que poseía un cuchillo. Era el que distribuía la correspondencia. Quizá por mi corta edad (17 años) me cogió simpatía. El 20 de noviembre me llamó a parte y me explicó: Esta noche ponen en "libertad" a cuatro, entre los cuales figuras tú y uno de tu celda Manuel. no recuerdo el apellido. Me dio el nombre de los otros dos que yo les comuniqué a mis compañeros de celda. Ellos los conocían, puesto que eran de los contornos de Paradela. Me explicó como se desarrollaba la escena que yo me apresuré a transmitirles a las presuntas víctimas: a las afueras del muro (muralla) que rodea la cárcel, una voz gritará: ¡Alto! sin pérdida de tiempo os tirais al suelo. La descarga sigue al grito, levantarse rápidamente y correr. La segunda descarga os cogerá un poco más lejos; menos probabilidades de ser tocados. Que tengais suerte. ¡Bravo muchacho! Nunca pude saber más de él. Yo salí ileso, Manuel, una bala le atravesó la garganta. Algunas personas lo condujeron al Hospital, parece ser que perdió la voz. Esto lo supe más tarde por la dueña del Bar Caudal, en donde encontré refugio. Una especie de Bar Restaurante que me suministraba la comida a medio día. Esto era permitido, puesto que resultaba un beneficio para Militón y compañía.[21]

En Viveiro foron paseados os seguintes cidadáns: José María Almoina Chao (6-8-36), mineiro, pertencente ao Partido Comunista; Domingo Galán Jambrina (20-9-36), mineiro; Carlos Morris Soriano (24-8-36), axudante de Marina, presidente do Partido radical Socialista; José Vidal Urrutia (23-9-36), camiñeiro; Luis García Blanco (23-9-36), concellal socialista; Luis Sánchez Mendezona (25-9-36), vista de Aduanas, de Unión Republicana; e Andrés Vale Blanco, presidente da CNT, detido en Ribadeo cando tentaba pasar a Asturias. Na relación de víctimas da represión, que figura ao final deste traballo, engádense outros paseados na Ponte do Barqueiro.

Os asasinatos do Candedo (Ourol)

Se ben os "paseos" e os asasinatos forman parte da crónica máis negra da actuación alevosa dos elementos sublevados contra as persoas consideradas como "desafectas" ao novo réxime imposto, o terror, a vinganza e a crueldade chegaron ao seu máximo nivel con crimes como o ocurrido no lugar do Candedo en Ourol. A traxedia aconteceu durante a noite do día 16 de abril de 1938, logo da delación dunha viciña, que denunciara a continuada presencia durante as noites do fuxido Alejandro Temblás Paz (presidente da Agrupación Socialista de Merille), na casa petrucial da familia Casavella Fernández, habitada naquel momento polas irmáns María Josefa e Felicitas Casavella, así como pola filla desta última, a rapaza Encarnación. Axiña concentrouse no lugar un numeroso continxente de forzas procedentes de Ourol e Viveiro, co fin de cercar a casa. A forza, composta por gardas civís, falanxistas e soldados que estaban acuartelados en Magazos, no local da Liga Agraria, desplegouse de inmediato, rodeando sixilosamente a devandita casa. Deseguido, adiantouse un pequeño grupo dos sitiadores petando forte e repetidamente na porta, até que saíu a abrila Felicitas Casavella, momento no que Alejandro Temblás aproveitou para fuxir botándose por unha ventá lateral, ao tempo que se iniciaba un intenso tiroteo, a consecuencia do cal resultou morta Felicitas, sendo feridos nunha orella un cabo da garda civil, así como Alejandro Temblás, dun disparo no ventre e nunha perna ao caer sobre unha grade que estaba alí fora na aira. Sen embargo, Alejandro Temblás conqueríu finalmente fuxir a rolos pola combareira abaixo, refuxiándose na escuridade da noite. Mentres un pequeño grupo de forzas baixou nun automóvil co cabo ferido á casa do médico Carlos Penabad, para que lle realizase as primeiras curas, o resto das forzas mantiñan o cerco da casa, en previsión de que houbera máis fuxidos dentro dela. Pasado un tempo sen percibir ningún tipo de movimento, os sitiadores, que non se atrevían a entrar, decidiron requirir a presencia dos homes que puidese haber na vivenda da viciña do lado, Perfecta Chao, onde estaban casualmente velando a un difuntiño, o xove de dazaoito anos Emilio Chao Carreiras. Ao estar no velorio maioritariamente mulleres, coa excepción de Vicente Gato de Requeixo, obrigáronno a sair para que entrase na casa sitiada cunha linterna na man. O Vicente, logo de inspeccionala localizou na corte do gando, agachadas detrais dunha pila de mulime, a María Josefa e á súa sobriña Encarnación. Éstas, ao ver a Vicente Gato, ao que coñecían e apreciaban, abrazáronse a el, dicindolle: "¡Ai Vicentiño, ¿matarannos a nosoutras tamén?". Vicente respostoulles: "Non teñades

medo, que estou eu aquí", animándoas a sair con el, collendo do brazo á rapaza Encarnación, pois estaba moi asustada. Ao saír fora, os ánimos estaban xa moi requentes por conquerir escapar Temblás e resultar ferido, aínda que levemente, o cabo. Entón producíuse unha forte discusión coas mulleres, enchendoas de ameazas e insultos de todo tipo, até que un dos mandos semella que ordeou disparar sobre Encarnación. Cóntase que Vicente Gato padeceu en adiante graves trastornos de saúde, por mor da tremenda impresión que sufríu ao ver como mataron a xove Encarnación dun tiro na cabeza e pola espalda, mentres a tiña refuxiada ao seu carón.

Días máis tarde, en concreto o 20 de abril de 1938, correuse a voz de que andaba polo Balteiro (Xerdiz) Alejandro Temblás, que estaba como tolo, debido ao estado febril, causado polas feridas. Axiña se personaron no lugar dous falanxistas, un de Xerdiz e outro de Viveiro, así como outros dous viciños armados que lle dispararon repetidamente, pero sen alcanzalo. Finalmente chegou un soldado, quen o matou dun tiro na cabeza. Unha vez morto, concentráronse no lugar distintos falanxistas de Merille e, ante as preguntas do sacristán de Xerdiz para saber onde enterralo, un deles chegou a contestarlle "tírenno anque seña nunha silveira". Deseguido, levárونno nunha escada até o cimiterio de Xerdiz e enterránono nunha sepultura no chán que xa estaba aberta, gracias ao consentimento do crego Cándido Fraga de Vila. A morte de Alejandro Temblás tería importantes consecuencias, sobre todo, a raíz da reincorporación do seu irmán José, á guerrilla.

Relación de víctimas da represión

Fusilados

Balbino Cerdeiras Rei (12-5-37), alcalde, galeguista, fusilado en Lugo; Victoriano Xabier Soto Valenzuela (17-12-36), tenente de alcalde, republicano (IR), fusilado en Lugo; Ángel Fraga Orosa (17-12-36), concellal republicano (IR), fusilado en Lugo; César Parapar Sueiras (17-12-36), concellal, galeguista, fusilado en Lugo; Segundo Arias Pérez (17-12-36), obreiro, fusilado en Lugo; Manuel Guerreiro Rivera (17-12-36), mineiro, fusilado en Lugo; Ángel Varela Freixeiro (17-12-36), mineiro, fusilado na Coruña; Avelino Casteleiro Fontán (3-9-36); Manuel Herrero Rapa (6-9-36); Francisco Díaz Quelle (5-10-36), militar de Marina, Ferrol; Manuel Timiraos Cervo (10-11-36), mariño mercante, UGT, fusilado en Lugo; Benito Colín Veiga (10-12-36), alcalde republicano,UR de Cervo, fusilado en Lugo; José Correa Miranda (10-12-36), republicano, secretario do Xulgado de Cervo, fusilado en Lugo; Antonio Trujillo Rodero (24-10-36), carabineiro, fusilado en Lugo; Agustín Rouco Vilar (14-1-37), mariñeiro,

fusilado en Lugo; Antonio Lafuente Jiménez (29-1-37), mestre de Muras, PSOE, fusilado en Lugo; Andrés García Ferreiro(15-3-37), natural de Foz, fundador do PSOE de Viveiro, abogado e secretario do concello de Vimianzo-A Coruña, fusilado na Coruña, Emilio Timiraos Cervo (24-3-37), secretario da UGT e do Radio Comunista de Viveiro, fusilado en Lugo; Eloy Prieto Fernández (17-4-37), ferrador, fusilado en Lugo; Marcelino Albo Meitín, axente fiscal, fusilado en Lugo (29-4-37); José Vázquez Lid, obreiro, PSOE, fusilado en Lugo (12-5-37); Jesús Bellas Cao, dirixente da CNT, fusilado en Lugo (17-6-37); José Fernández Fernández, carpinteiro, PSOE, Ourol, fusilado en Lugo (9-7-37); Germán Cervo Maseda, mariñeiro (Ferrol, 16-4-37); Jesús Castaño Galdo, alcalde do Barqueiro, pertencente a Izquierda Republicana, masón, fusilado o 16-4-37, Jesús Verdeal Maseda, xornaleiro, fusilado no Ferrol o 16-4-37, Jesús María Fernández Fernández, mariñeiro do Barqueiro, fusilado en Ferrol o 16-4-37, José Rivera Rieros, membro da CNT do Barqueiro, fusilado en Ferrol o 16-4-37, Manuel Ventosinos Pereira, carabineiro do Barqueiro, fusilado en Ferrol o 16-4-37, Feliciano Pereira Real, de Mañón, 22-9-36, Emilio Pardo Otero, de 44 anos, de Burela, fusilado o 27-9-36, Juan Martínez Corral, "Valcarría", mineiro, fusilado na Coruña; Avelino Casteleiro Fontán, obreiro da naval, socialista de Viveiro, fusilado o día 2-9-36, Amador Ortega Sánchez fusilado en Asturias, o 6-7-38, , Aquilino Parapar Franco, fusilado na Coruña en novembro de 1937, Agapito García Atadell, dirixente estatal da UGT e Pedro de Penabad, abogado, agarrotados en Sevilla (17-7-37); Felipe del Olmo Montesinos, tenente do exército republicano, detido en Ourol e agarrotado o 6-4-40 en Guadalajara.

Paseados e mortos violentamente

José María Almoina Chao (6-8-36), mineiro do PC; Santiago Fariñas Reinante, ebanista, de Ribadeo, (7-8-36); Marcelino Álvarez López, xornaleiro de Ribadeo, (7-8-36); Domingo Galán Jambrina (20-9-36), mineiro; Carlos Morris Serrano (24-8-36), axudante de Marina, Unión Republicana; José Vidal Urrutia (23-9-36), camiñeiro; Luis García Blanco (23-9-36), concellal PSOE; Luis Sánchez Mendezona (25-9-36), vista de Aduanas, Unión Republicana José Novás Soto (mestre, morto nun monte de Serantes, perto de Ferrol, o 27 de agosto de 1936); Ramón Fondevila Martínez "Viano" do Barqueiro, morto o 22 de setembro de 1936, en Serantes-Ferrol; Manuel Yánez Rey, "Manuel de Ubaldina, do Barqueiro-Mañón, 5 ou 6 de setembro de 1936, ; Andrés Vale Blanco, "O Moreno de Covas", presidente da CNT; detido en Ribadeo, paseado a principios de agosto, Pedro López Fernández; mineiro da CNT; Jesús Chao García, directivo do sindicato agrícola La Defensa de Xeriz-

Ourol; María Josefa Casabella Fernández (16-0-38) Felicitas Casabella Fernández(16-4-38); Encarnación Casabella (16-4-38); Alejandro Temblás Paz, presidente da agrupación socialista de Merille-Ourol; Celestino Pérez Bermúdez; membro do comité de Agitpro do P.C., José Antonio Rey Rodríguez (28-2-50).

Mortos no cárcere

José López Martínez, presidente do PSOE local, falecido o 3 de decembro de 1936, no Hospital de Sta. María en Lugo; Carlos Pérez Fachal, Escollera-Ferrol, 19 agosto-36; José Hermida Rubal (Penal de Pamplona, 3-3-1937); Alberto Lamelas Fernández (27-7-38); Jesús Carrodéguas Franco (14-6-1939); Jesús Pérez Bermúdez; José Costa Pardo, mestre de Cervo; Ignacio Rivera Quintana; Ángel Castro Rábade, galeguista (22-9-41).

Mortos en campos de traballo ou concentración

Vicente Serra, Peñaranda de Bracamonte; Manuel Lamelas (5-5-45), campo de Mauthausen; Francisco Ruíz García, mariñeiro, afiliado á CNT, falecido nun campo de traballo da URSS.

Mortos no frente republicano

José Gómez Lamelas (21-2-37), Grado-Asturias; Manuel Rodríquez Lago (1937) Escamplero-Asturias, directivo CNT; Claudio Quelle Cociña, Frente de Irún, CNT.

Soldados pasados ao bando republicano ou que loitaron nel

Tomás Álvarez Insua, "O Bulto"; Antonio López Ferreiro, "O Revoltoso"; Segundo Pérez Gómez, de Celeiro, o 21 de febreiro de 1936 preso no campo de prisioneiros republicanos de Santander, Tomás Martínez Peña, desertor en Asturias,o 15 de xuño de 1938, cara ao bando republicano, Francisco Casabella, fogoneiro, Xixón, 15 xuño de 1938; Nicasio Fernández Seara, pertencente á Armada do Ferrol, en xullo de 1939, no campo de Argeles Sur Mer; Rogelio Abella Montenegro, en xullo de 1939 no campo de Barcarés; Ernesto Vázquez, en Francia; José Neira Río, da CNT; Xosé Sampedro Galdo, inspector de traballo, PG; logo da guerra pasou a Francia, estando internado no campo de prisioneiros de Argeles Sur Mer, Xoán Xosé Pla, dirixente do PG; en Francia xogou un destacado rol dentro do chamado Bloque Republicano Nacional Gallego, Lois Tobío Fernández, diplomático, tte.de artillería, e membro do PG; exiliado en Uruguay, Francisco Ruíz García, CNT, mariñeiro, preso en Karaganda; Cecilio Bedia Carballeira, xeneral de Artillería, exiliado en Francia e finalmente na Argentina; José Trasancos Lage, de Viveiro, da UGT, fogoneiro, no Bon. Asturias nº 19, antes Galicia;

José Fernández Sánchez, de Viveiro, mariñeiro, Bon Asturias nº 19, antes Galicia; Hilario López Sánchez, de Celeiro, lider da CNT de Candás-Asturias, exiliado en Francia, pasou por campos de concentración como: Béziers, Argelès, Barcarès, Chateauroux...participando na loita contra os nazis e posteriormente na reorganización da CNT de Lozére e Saint Chély d´Apcher.

Outros Exiliados

Alfonso Quintana Pena, de Viveiro, ex-deputado polo PSOE en Ferrol, exiliado en Puebla-México; José Castro Sanjurjo, exiliado en Argentina; José Seco Catá, exilado en Uruguay e Arxentina; Benigno Álvarez Parapar, fundador e ex-secretario da CNT, exilado en Brasil; Ramón Gómez Díaz, de Chavín, condenado en Alicante a 6 anos de prisión e 1 día, por excitación á rebelión; o cabo de carabineiros Ferro, de Covas, pasou á zona republicana, pola fronteira de Portugal; Ramón Rodríguez Prieto, presidente de Izquierda Republicana de Viveiro e masón; Maruja Mallo, pintora, exilada en Arxentina.

O día 20 de decembro de 1946 aínda chegarían a Bayonne (Francia), os últimos exilados procedentes da guerrilla viveiresa: Eusebio González Pedreira, Francisco Gómez "Troski", Vicente Lage, José Antonio Franco, Domingo Villar, Chaves, Ramón Domínguez, Evaristo Candela, Antonio Molins e Antonio Paleo Saavedra, xunto cos tripulantes da boniteira Santa Teresa.

Mortos no monte

Severino Bouza Pardo (8-11-36); Balbino Gómez Rodríguez (marzo do 37), obreiro, CNT; Cándido Soto Gómez (1937), mariñeiro, CNT; José Fernández Picos, PSOE; José Fernández Rolle; "O Caramelo", morto no Bico do Nabo, o día 20 de agosto de 1937, Emilio Río Martínez, morto no Bico do Nabo, o día 20 de agosto de 1937, Manuel Valle; Angel Cal Díaz, Ourol; José Fernández Formoso (8-2-43); José Neira Fernández, CNT; Amandino Neira Fernández (1-6-39); Modesto Vilar Insua, concellal do Partido Galeguista (1-6-39); Ceferino Fernández Formoso (29-12-40); Jesús Iglesias Vázquez; Luis Ribera; Benedicto Fuentes Díaz (1-2-46), PC; Marcelino A. Rodríguez Fernández (26-6-46), PC; Manuel Gato Ramudo (20-2-47); José Vázquez Gómez (12-11-47), Xerdiz-Ourol; Luis Trigo Chao (25-6-48), PSOE; Antonia Díaz Pérez (25-6-48); Leonardo Gómez Pérez (1948), PC, Benedicto Escourido Cobo (2-10-48); José Porto Lestegás (2-10-48), Venancio Seoane Rouso (23-10-48); Francisco Insua Mariño (26-10-48), PSOE; José López Chao (26-10-48), CNT; Francisco Núñez Rodríguez (14-5-49); Perfecto Castro Martínez (16-4-49); José Felpeto Gómez (16-4-49); José Pedreira de la Iglesia (21-6-49), PC; Juan Pérez Dopico (21-6-49), PC; Juan Gallego Abeledo (21-

6-49), PC; Josefa Escourido Cobo (21-6-49); Celia González Pernas (21-6-49); Tomás Malleiro García (23-10-49); Vicente Vidal Pardo (23-10-49); José Temblás Paz (30-10-49), PC; José Chao Rouco (30-10-49); Antonio López (30-10-49); Alberto Teodoro Franco Lamelas.

Notas

[1]Leal Insua, Francisco, "Elegía a Salvador Pérez-Labarta", *El Progreso*, 25-VIII-1939; nº 13.474.

[2]*Libro de Actas do Concello de Viveiro*, Sesión Municipal do 7 de marzo de 1938.

[3]Gregorio Sanz, *Uno de tantos. Cinco años a la sombra*. Ediciós do Castro, 1986.

[4]*Ibidem*

[5]*Ibidem.*

[6]*Ibidem.*

[7]*Ibidem.*

[8]C/212/1936.

[9]Gregorio Sanz. *Uno de tantos. Cinco años a la sombra*. Ediciós do Castro, 1986

[10]Libro de Entrada de Correspondencia, ano 1938. AMV.

[11]Sesión da Comisión Xestora de Viveiro, 2 outubro de 1936

[12]Libro de Actas do Concello. Sesión Municipal do 1 xaneiro de 1938

[13]C/949/36.

[14]*El Progreso*, 10-9-1936.

[15]*Ibidem.*

[16]A.H.P.L. Sección Goberno Civil-Corporacións, legaxo 185. notas da visita realizada polo gobernador civil.

[17]Loxia "Hijos de Irma nº 17", Archivo Histórico de Salamanca (Sección Guerra Civil), Exp. 9 A. Legaxo 761 A.

[18]Debo a presente información ao profesor vilalbés Manuel Roca Cendán.

[19]Libro de Entrada de Correspondencia do Concello de Viveiro, 23-1-1939.

[20]Mª Jesús Souto Blanco. *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940).* AHPL, Sección Goberno Civil, Corporacións, legaxo, 185; páx.: 62.

[21]Carta manuscrita de Antonio Paleo Saavedra, dende Hericourt(Francia) ao autor desta ponencia.